


PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DO ANTIGO INSTITUTO DA ESO, PARA A SUA ADAPTACIÓN COMO CENTRO DE DÍA E RESIDENCIA DE MAIORES, NO LUGAR DE ESPARÍS, MUNICIPIO DE BRIÓN, A CORUÑA.



I.- MEMORIA

Proxectista: Christian García Iglesias

Tutor: Prof. Roberto Medín Guyatt

Brión, xullo de 2015

INDICE

Resumo.	03
Resumen.	04
Abstract.	05
I. MEMORIA	07
1.0 XERALIDADES E INFORMACIÓN PREVIA.	09
1.0.1 Axentes.	09
1.0.2 Condicións de partida.	09
1.0.2.1. Emprazamento e situación.	09
1.0.2.2. Entorno físico e orientación.	09
1.0.2.3. Memoria urbanística.	09
1.0.2.4. Normativa específica de centros especializados.	10
1.0.3. Antecedentes.	11
1.0.3.1. Históricos.	11
1.0.3.2. Informe xeotécnico.	12
1.1. ESTADO ACTUAL (E.A.)	13
1.1.1. Memoria Descritiva E.A.	13
1.1.1.1. Datos xerais da parcela.	13
1.1.1.2. Descrición dos edificios.	14
1.1.2. Memoria Construtiva E.A.	19
A) Edificio 1.- INSTITUTO.	19
B) Edificio 2.- CASA DO CONSERXE.	20
C) Edificio 2.- XIMNASIO.	22
E) URBANIZACIÓN E EQUIPAMENTO.	25
1.2. ESTADO REFORMADO (E.R.)	26
1.2.1. Memoria descritiva E.R.	26
1.2.1.1. Descrición do proxecto.	26
1.2.1.2. Prestacións dos edificios.	28
1.2.2. Memoria Construtiva E.R.	35
A) Edificio 1.- CENTRO DE DÍA E RESIDENCIA DE MAIORES (ANTIGO INSTITUTO)	35
B) Edificio 2.- ADMINISTRACIÓN E S.A.D. (ANTIGA CASA DO CONSERXE)	39
C) Edificio 2.- SALA DE ACTIVIDADES (ANTIGO XIMNASIO)	42
D) Edificio 4.- PASOS PERDIDOS	45
E) URBANIZACIÓN E EQUIPAMENTO	48
1.3. CUMPRIMENTO DE NORMATIVA	49
1.3.1. Cumprimento do Código Técnico de Edificación (CTE).	49
1.3.2. Cumprimento doutros regulamentos e disposicións.	50

1.4. ANEXOS	51
1.4.1. Sistema Estrutural.	53
1.4.2. Protección contra o incendio.	61
1.4.3. Instalacións do edificio.	71
1.4.3.1. Instalación de Saneamento	73
1.4.3.2. Xerador de calor.	77
1.4.3.3. Instalación de Fontanería (AF e AQS)	78
1.4.3.4. Instalación de climatización.	80
1.4.3.5. Instalación eléctrica e de iluminación.	83
1.4.4. Eficiencia Enerxética.	89
1.4.5. Seguridade, utilización e accesibilidade (SUA)	93
1.4.6. Fichas Patolóxicas.	101
1.4.7. Estudo paisaxístico e xardinería.	127
1.4.7.1. Ficha Técnica de cada especie de árbore ou arbusto.	131
1.4.8. Plan de Control de Calidade (PCC)	153
1.4.9. Xestión de Residuos de Construción e Deconstrución (XRCD)	231
1.4.10. Programación de Obra.	253
1.4.11. Estudo de Seguridade e Saúde. (ESS)	255

Resumo

PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DO ANTIGO INSTITUTO DA ESO PARA A SUA ADAPTACIÓN COMO CENTRO DE DÍA E RESIDENCIA DE MAIORES, NO LUGAR DE ESPARÍS, MUNICIPIO DE BRIÓN, A CORUÑA.

Este Traballo Fin de Grado (TFG) da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica de A Coruña, consiste na Rehabilitación dunhas antigas instalacións dun Centro Educativo de Secundaria (ESO). As instalacións están situadas no municipio de Brión, na aldea de Esparís. Ditas instalacións convertiranse nunha Residencia de Maiores para 25 persoas internas e un Centro de Día para outras 25 persoas. En total as instalacións darán atención a 50 persoas, sen contar os propios traballadores do centro.

A parcela é de 6.632,00 metros cadrados e no seu interior podemos encontrar 3 edificacións. Un primeiro edificio Nº 1 Instituto, de 1.636,00 metros cadrados construídos onde se situará o núcleo residencial do novo Centro de Día e Residencia de Maiores: área de recepción, área administrativa, área sanitaria, área de actividades, área auxiliar e de servizos e área residencial. Un segundo edificio Nº 2 que foi a Casa do Conserxe de 132,00 metros cadrados construídos, onde se situará a Recepción das novas instalacións e unha unidade de Servizo de Atención a Domicilio (SAD). Un terceiro edificio o Nº3 que foi o Ximnasio de 510,00 metros cadrados construídos onde se proxecta a Sala de Actividades. Para comunicar o edificio Nº1 e o Nº3 farase un paseo cuberto chamado edificio Nº4 Pasos Perdidos. Utilizaremos a parte da parcela onde estaba situada o campo de fútbol para colocar unha zoa de xardinería e cultivos con dous invernadoiros. Tamén se colocará outra zoa de Xardín Terapéutico na parte posterior da parcela.

Tívose especial sensibilidade coa gran vexetación arbórea existente no lugar. Fíxose unha ficha descritiva e patolóxica de cada árbore ou arbusto de certo porte situados nela. Estudouse cada unha das especies e inténtase conservar as que están menos danadas, xa fose na localización actual ou facendo un transplante a outra zoa.

Visitáronse varias Residencias de Maiores e Centros de Día públicas, así como as oficinas de COGAMI para descubrir e considerar as necesidades dos usuarios de ditos centros. No campo da accesibilidade, a parte de utilizar como base o borrador da normativa vixente, mirouse máis polo acondicionamento e benestar dos usuarios, de ahí que algunhas medidas adoptadas sexan máis restritivas que a propia normativa. A orientación das camas nas habitacións, as zoas de descanso ou a situación dos ascensores foron estudadas pensando nun maior confort das persoas usuarias.

En canto ás instalacións utilizarase un sistema centralizado situado nunha zoa do edificio Nº3 Sala de Actividades. Dende ahí distribuiranse subteraneamente ata cada un dos edificios. Como xerador de calor utilizaremos unha caldeira de Biomasa que subministrará tanto a AQS (Auga Quente Sanitaria) como á calefacción dos catro edificios: Residencia e Centro de día, Recepción e SAD, Sala de Actividades e Pasos perdidos. A calefacción nos catro edificios será de solo radiante. Debido a que actualmente non hai rede de sumidoiros ata a parcela, instalaremos unha depuradora preto á zoa dunha posible conexión futura ca rede de sumidoiros público.

A Memoria, Planos, Prego de condicións, Medicións e Orzamentos e o Estudo de Seguridade e Saúde realizáronse por separado para cada un dos edificios, co fin de que no caso de que se chegue a executar o proxecto, se poidan licitar cada un dos edificios e a urbanización por separado.

Resumen

PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DEL ANTIGUO INSTITUTO DE ESO PARA SU ADAPTACIÓN COMO CENTRO DE DÍA Y RESIDENCIA DE MAYORES, EN EL LUGAR DE ESPARÍS, MUNICIPIO DE BRIÓN, A CORUÑA.

Este Trabajo Fin de Grado (TFG) de la Escuela Universitaria de Arquitectura Técnica de A Coruña, consiste en una Rehabilitación de unas antiguas instalaciones de un Centro Educativo de Secundaria (ESO). As instalaciones están situadas en el municipio de Brión, en el pueblo de Esparís. Dichas instalaciones se convertirán en una Residencia de Mayores para 25 personas internas y un Centro de Día para otras 25 personas. En total las instalaciones darán atención a 50 personas, sin contar los propios trabajadores del centro.

La parcela es de 6.632,00 metros cuadrados y en su interior podemos encontrar 3 edificaciones. Un primer edificio Nº 1 Instituto de 1.636,00 metros cuadrados construídos en donde se situará el núcleo residencial del nuevo Centro de Día y Residencia de Mayores: área de recepción, área administrativa, área sanitaria, área de actividades, área auxiliar y de servicios y área residencial. Un segundo edificio Nº2 que fue la Casa del Conserje de 132,00 metros cuadrados construídos, en donde se situará la Recepción de las instalaciones y una unidad de Servicio de Atención a Domicilio (SAD). Un tercer edificio Nº3 que fue el Gimnasio de 510,00 metros cuadrados construídos en donde se proyectará la Sala de Actividades. Para comunicar el edificio Nº1 y el Nº3 se hará un paseo cubierto llamado edificio Nº4 Pasos perdidos. Utilizaremos la parte de la parcela en donde estaba situada el campo de fútbol para colocar la zona de jardinería y cultivos con dos invernaderos. También se colocará otra zona de Jardín Terapéutico en la parte posterior de la parcela.

Se tuvo especial sensibilidad con la gran vegetación arbórea existente en el lugar. Se hizo una ficha descriptiva y patológica de cada árbol o arbusto de cierto porte situado en ella. Se estudió cada una de las especies y se intentó conservar las que están menos dañadas, ya fuese en la localización actual o haciendo un trasplante a otra zona.

Se visitaron varias Residencias de Mayores y Centros de Días públicas, así como las oficinas de COGAMI para descubrir y considerar las necesidades de los usuarios de dichos centros. En el campo de la accesibilidad, aparte de utilizar como base el borrador de la normativa vigente, se miró más por el acondicionamiento y bienestar de los usuarios, de ahí que algunas medidas adoptadas sean más restrictivas que la normativa. La orientación de las camas en las habitaciones, las zonas de descanso o la situación de los ascensores fueron estudiadas pensando en un mayor confort de los usuarios.

En cuanto a las instalaciones se utilizará un sistema centralizado situado en una zona del edificio Nº3 Sala de Actividades. Desde ahí se distribuirán subterráneamente hasta cada uno de los edificios. Como generador de calor utilizaremos una caldera de Biomasa que suministrará tanto ACS (Agua caliente sanitaria) como la calefacción de los cuatro edificios: Residencia y centro de día, Recepción y SAD, Sala de Actividades y Pasos Perdidos. La calefacción en los cuatro edificios será de suelo radiante. Debido a que actualmente no hay red de alcantarillado hasta la parcela, instalaremos una depuradora cerca de la zona de una posible conexión futura con la red de alcantarillado público.

La Memoria, Planos, Pliego de condiciones, Medición y Presupuesto y el Estudio de Seguridad y Salud se realizaron por separado para cada uno de los edificios, con el fin de que en el caso de que se llegue a ejecutar el proyecto, se pueda licitar cada uno de los edificios y la urbanización por separado.

Abstract

BASIC AND EXECUTION PROJECT FOR THE REHABILITATION OF THE FORMER ESO INSTITUTE, FOR HIS ADJUSTMENT LIKE DAY CENTER AND OLD PEOPLE RESIDENCE, IN ESPARIS PLACE, MUNICIPALITY OF BRION, PROVINCE OF CORUNNA

This dissertation of the University School of Technical Architecture consists of the rehabilitation of some old facilities of a Secondary Educative Centre (high school). The facilities are situated in the municipality of Brión, in the Esparís small town. They are going to turn into a Residence for the Elderly to 25 resident people and a Day Centre to another 25 people. In total, the facilities are going to give attention to 50 people, without taking into account the workers of the centre.

The smallholding is of 6.632,00 square metres and in its inside we can find three buildings. The first one number 1 High School, of 1.636,00 constructed metres where the residential area nucleus of the new Day Centre and the Residence for the Elderly. It is going to have a reception area, an administration area, a health area, activities area, assistant and services area and residential area. A second building number 2, which was the house of the caretaker, of 132,00 constructed square metres, where the reception of the new facilities and a unit of Home Attention Service (HAC) is going to be situated. A third building the number 3, which was the gym, of 510,00 constructed square metres where the area of activities is projected. In order to communicate the building number 1 and the number 3 it is going to be made a promenade called building number 4 Lost Steps. We are going to use the part of the smallholding where the football field was in order to prepare the area of gardening and crops with two greenhouses. Also, it is going to be prepared another area of Therapeutic Garden in the back area of the smallholding.

We had special care and sensibility towards the tree vegetation which exists in the place. We made a descriptive and pathological card of each tree or bush of certain size situated on it. We studied each of the species and tried to conserve those which are less damaged, either in the present location or moving it to another area.

We visited some public Residences for the Elderly and Day Centres, as well as the COGAMI offices in order to discover and also consider the necessities of the users of these centres. Related to accessibility, apart from using the draft of the current regulations as a basis, we paid more attention to the reconditioning and comfort of the users, and for this reason some adopted measures could be more restrictive than the own regulations. The beds orientation in the rooms, the relax area or the situation of the lifts were studied thinking of a better comfort of the people using them.

Related to the facilities, we are going to use a centralized system situated in an area of the building number 3 Activities Area. From there it is going to be distributed in a subterranean way to each of the buildings. As a heat generator we are going to use a biomass boiler which is going to provide the SHW (Sanitary Hot Water) and the heating of the four buildings: Residence for the Elderly and Day Centre, Reception and HAS, Activities Area and Lost Steps, The heating in the four buildings is going to be underfloor heating. Due to nowadays there is not a sewage system to the smallholding we are going to install a sewage plant near the area of a possible future connection with the public sewage system.

The Report, Blueprints, Conditions Sheet, Measurements and Budgets, and the Security and Health Study were made separately to each of the buildings in order to, in the case of execution of the project, it will be possible to tender for each of them and the urbanization separately.

I. MEMORIA.

1.0. XERALIDADES E INFORMACIÓN PREVIA.

1.0.1. AXENTES

Promotor: **D. Nome Apellido Apellido, con DNI XX.XXX.XXX-X domicilio na C/ Calle en X Municipio (Provincia).**

Proxectista, Director da obra, Director da execución da obra e Coordinador de Seguridade e Saúde: **Christian García Iglesias, Graduado en Arquitectura Técnica, colexiado co nº XXXX no Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación de Provincia.**

1.0.2. CONDICIÓNS DE PARTIDA

1.0.2.1. Emprazamento e situación.

A parcela onde se ubica o actual centro de enseñanza, ximnasio e vivenda do conserxe, encóntranse situados no lugar de Esparis, Viceso, no concello de Brión, provincia de A coruña, a uns 6 Km do centro urbano de Brión, achegándose a él a través da carretera CP-1302.

A referencia catastral da parcela é 1066103NH2406N0001OM.



1066103NH2406N0001OM
LG ESPARIS
15285 BRION (A CORUÑA)


1.0.2.2. Entorno físico e orientación.

As instalación encóntranse nun espazo aberto no entorno rural, rodeado por unha frondosa arboreda e pastos, nunha zoa alexada do centro urbano. Linda polo Norte con María Guillerms Moldes e carretera, polo Sur coa carretera, polo Este con María Freire e carretera e polo Oeste con José Pérez Rodriguez e María Guillerms Moldes.

1.0.2.3. Memoria urbanística.

Según o Plan Xeral de Ordenación urbana do concello de Brión do ano 2003, o terreo está catalogado como solo Rústico de Expansión (Leste-Oeste), todo él especialmente protexido.

A maioría da superficie do terreo é de solo de Equipamentos Escolar, o cal o Concello ten a potestade de cambiar para calquera outro tipo de equipamento no caso de reformar as instalacións. Unha parte do terreo (aparcamento norte da entrada) non está catalogado como Equipamento.



1.0.2.4. Normativa específica de centros especializados.

Previo á realización deste proxecto, estudouse a fondo as características de Centros de Día e Residencias de Maiores, botando man da normativa especializada deste tipo de centros. Nestos centros toma un papel importante o campo da accesibilidade, onde se fixo un gran traballo de recopilación, estudo e comprensión das normativas vixentes de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

Realizaronse varias visitas a Centros de Días e Residencias de Maiores situadas na provincia de A Coruña, para observar o patrón que seguen na distribución de cada unha das estancias. Entre as residencias de maiores que se visitaron podemos atopar a residencia “Volta do Castro” situada na Rúa de Feliciano Barrera Fernández, 15706 Santiago de Compostela, A Coruña ou a residencia “Residencia Fundación José Otero y Carmen Martinez” en Pontepedriña, Santiago de Compostela. Tamén se visitaron varios Centros de Días como o que hai en Urdilde, pobo que linda con Brión.

Para sensibilizarse máis cos usuarios de este tipo de centros, visitáronse tamén as oficinas de COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade), onde se tivo acceso ao borrador da próxima normativa e aos Checklist que teñen estas organizacións para a realización das inspeccións, Checklist que foron cubertos unha vez realizada a distribución do noso proxecto como coprobación do cumprimento da normativa.

1.0.3. ANTECEDENTES

Os terreos destas instalacións pertencen ao concello de Brión, que os cedeu á Administración para que construíse o colexio de E.X.B que posteriormente se reformou para pasar a ser Instituto da E.S.O. No 2006 deixou de estar en funcionamento. As instalacións eran da Administración, o concello de Brión pediullas para darlles un novo uso, pero a Administración negouse, quería venderllas. Namentres, nin o concello de Brión nin a Administración lle puxo seguridade e vixiancia á parcela, facéndoa vulnerable a calquera tipo de intrusismo. Non tardaron en entrar tanto a roubar como a destrozarmos todos os edificios. Na actualidade as instalacións están destrozadas, e segue sen haber un acordo entre a Administración e o concello de Brión. Para recadar toda esta información tívose total acceso a toda a documentación deste centro que hai nos arquivos de dito concello.

1.0.3.1. Históricos

O **11 de maio de 1987** encargouse á Xunta o proxecto dun centro de E.X.B e de preescolar.

O **13 de xuño de 1988** solicitouse a licencia para a Construcción dun centro de E.X.B. de 8 unidades (capacidade para 320 alumnos) e 2 unidades de preescolar (capacidade para 80 alumnos) en Viceso-Brión, obras que pretende levar a cabo a Consellería en terreos destinados a este fin.

O **25 de xaneiro de 1989** entrou en funcionamento o centro escolar de 8 unidades de E.G.B. e 2 unidades de Preescolar (200 alumnos) por incapacidade material do centro aberto nese momento, uns meses despois da entrega da certificación final de obra.

Presuposto de contrata: 101.470.000 pesetas (609.846,98 €).

O **10 de decembro de 1991** fíxose a acta de recepción definitiva correspondente a ditas obras. En **marzo de 1998** fíxose unha reforma do centro de enseñanza para a adaptación ao novo plan educativo e instalar no outro centro situado na capital do concello a enseñanza primaria obrigatoria e neste a secundaria obrigatoria (E.S.O). Dito proxecto ten o título de:

“Proyecto de ampliación y reforma del centro de enseñanza Esparís-Brión. A Coruña.”

Reforma do antigo colexio de E.X.B. Presuposto de contrata: 24.335.539 pts (146.259,53 €).

Construcción do ximnasio de 510.50 m². Presuposto de contrata: 29.485.546 pesetas (177.211,70 €).

Construcción da casa do conserxe. Presuposto de contrata: 17.328.589 pesetas (104.146,91 €).

Acondicionamento do terreo e construcción dun campo de fútbol. Presuposto de contrata: 10.125.326 pesetas (60.854,43 €).

O presuposto de contrata de toda a reforma e ampliación das instalacións ascende a 81.275.000 pesetas (488.472,59 €).

En **2006** inaugurouse un novo centro educativo de Brión, quedando este recinto, en propiedade da **Consellería de Educación**, sendo abandonado ata a fecha actual.

1.0.3.2. Informe Xeotécnico.

Na reforma de 1998 fíxose un *“Informe xeotécnico para a Reforma e Ampliación do C.P. Esparís en Brión (Coruña) EG-0925”*

- Antecedentes e Obxeto.

Encargado por LA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DE LA XUNTA DE GALICIA, a empresa EUROCONSULT GEOTECNIA, S.A. realizou un estudio do terreo, baseado na realización de calicatas e ensaios de penetración dinámica, destinado á ampliación do Colexio Público ESPARÍS en BRIÓN.

O obxeto de dito estudio xeotécnico foi determinar a natureza e características xeotécnicas dos materiais que componen o subsoló da parcela, para establecer o tipo de cimentación máis adecuado.

Por parte do peticionario entregóuselles un plano a escala 1/500, no que se reflexan as zoas de ubicación das edificacións.

En dito informe detállanse as investigación do campo e laboratorio efecutadas para identificar a natureza do terreo e os seus parámetros xeomecánicos, incluíndo, no último capítulo de dita memoria, as condicións xerais de cimentación.

- Traballo de campo.

A campaña de investigación do campo consistiu na realización de tres calicatas (3) e seis (6) ensayos de penetración dinámica tipo Borros.

1.1. ESTADO ACTUAL (E.A.)

1.1.1. MEMORIA DESCRIPTIVA E.A.

1.1.1.1. DATOS XERAIS DA PARCELA.

a) Superficies.

O solar ten una superficie de seis mil catrocentos trinta e seis metros cadrados (6.436,00 m²), dos cales novecentos trinta e oito metros cadrados (938,00 m²) están ocupados polo actual instituto, cento catro metros cadrados (104,00 m²) están ocupados pola actual casa do conserxe e cincocentos seis metros cadrados (506,00 m²) están ocupados polo actual ximnasio. Descontando as superficies edificadas, queda una superficie libre de catro mil oitocentos oitenta e oito metros cadrados (4.888,00 m²).

Taboa 1.1.1.A. Superficies Parcela.

Espazos	Superficies (m²)
Edificio 1.- Instituto	938,00
Edificio 2.- Casa do conserxe	104,00
Edificio 3.- Ximnasio	506,00
Urbanización	4.888,00
TOTAL Parcela	6.436,00

b) Topografía.

Actualmente na parcela temos duas cotas representativas.

Una delas que abarca a maioría da superficie da parcela, en donde se encontra o Edificio 2 (Actual casa do conserxe) representada nun dos planos adxuntos a esta memoria, Edificio 3 (Actual ximnasio) representado nun dos planos adxuntos a esta memoria, o actual campo de fútbol, o patio cuberto e a maioría da urbanización e parte do Edificio 1 (Actual instituto) representado nun dos planos adxuntos a esta memoria.

A outra cota encontrase a dous con setenta (2,70) metros de altura por debaixo da cota anterior. Esta superficie abarca a parte Surdeste da parcela, onde se encontra a pranta sótano do Edificio 1 (Actual Instituto) e unha pequena zoa axardinada.

c) Servizos Urbanísticos actuais.

A parcela ten acceso rodado mediante a carretera CP-1302. A finca linda pola cara Norte e ata a metade da cara Este coa carretera. Chega á finca unha liña de auga potable aínda que tamén consta con un pozo. Non ten rede de alcantarillado, a función da mesma faina unha fosa

séptica. Ata a finca tamén chega a liña de electricidade e liña telefónica. Actualmente non hai ningunha parada nin liña de autobús nas inmediacións das instalacións.

1.1.1.2. DESCRICIÓN DOS EDIFICIOS.

As instalacións están situadas nunha parcela con forma de jota (J). A entrada encontrase na cara Norte da parcela. Á dereita según se entra encontrase o Edificio.- 3 (Actual Gimnasio), parte NorOeste da parcela. Adentrándonos un pouco máis na parcela encontramos ao Este o Edificio.- 2 (Actual casa do conserxe). No Sur da parcela atopase o Edificio.-1 (Actual Instituto).



A) Edificio 1.- INSTITUTO.

A edificación está situada no SUR da parcela, na parte oposta a entrada da mesma. A pranta do edificio escolar é de formas rectas e distribuído de tal forma que os recorridos sexan mínimos. Ten cuberta de tella a dúas augas.



Está composta por catro niveis: unha pranta sótano, pranta baixa, primeira pranta e baixo cuberta.



A pranta sótano é un patio aberto que se encontra na parte Sureste do edificio. Ten unha superficie construída de dous centos oitenta e nove metros cadrados (289,00 m²). Accédese a ela mediante una escaleira externa ou a escaleiraaberta que se encontran nesa parte este do edificio.

A pranta baixa ten a entrada para o Norte-Este e coincide no centro do edificio, separando claramente a parte docente da administrativa, cunhas escaleiras de acceso a primeira pranta inmediatamente ao lado desta. Encontrábanse nela actualmente a entrada e os espazos da cafetería, biblioteca, despacho de profesores, baños de profesores e alumnos, laboratorio e varias aulas. Posee ademáis unha escaleira aberta que comunica as prantas ca pranta sótano, que serviu para zona de xogos en condicións climatolóxicas adversas e ademáis serviu como escaleira de emerxencia. Ten unha superficie útil de oitocentos trinta e un metros con noventa e oitocentímetros cadrados (861,98 m²) e unha superficie construída de novecentos trinta e oito metros cadrados (938,00 m²). Accédese pola entrada principal da instalación, situada ao



Norte; unha escaleira traseiraexterna ou a pranta sótano mediante a escaleiraaberta.

Na primeira pranta encontranse o resto dos espazos das aulas do instituto e os baños para alumnos. Ten unha superficie útil de seiscentos corenta e catro con corenta e cinco metros cadrados (644,45 m²) e unha superficie construída de setecentos trinta e tres con cincuenta e tres metros cadrados (733,53 m²). Accédese a ela polo ascensor interior ou a escaleira interna

situada ao lado da entrada principal, pola escaleira aberta situada na parte Este do edificio e pola escaleira traseira externa da parte posterior a fachada principal.

Na pranta baixo cuberta encontrase a sala de máquinas do ascensor, e varios habitáculos en bruto. Ten unha superficie construída de cento sesenta e catro metros cadrados (164,00 m²). Só se pode acceder a ela mediante a escaleira externa posterior a fachada principal.

Taboa 1.1.1.B.a Superficies Pranta Edificio 1.- Instituto.

Plantas	Superficies construídas (m²)
Planta Semisoto	289,00
Planta Baixa	938,00
Planta Alta	733,53
Planta Baixo Cuberta	164,54
TOTAL	2.125,07

B) Edificio 2.- CASA DO CONSERXE.

A edificación está situada no lado OESTE da entrada da parcela. Ten forma lonxitudinal e cuberta plana. Está composta por dúas prantas: pranta baixa e pranta alta.



A pranta baixa está composta por un porche cuberto; unha entrada cunhas escaleiras para dar acceso a pranta superior e o espazo da sala de caldeiras. Ten unha superficie construída de cento catro metros cadrados (104,00 m²). Accédese a ela mediante a entrada Este.

A pranta primeira está composta por un pasillo e os espazos da cociña, comedor, baño e dúas habitacións. Ten unha superficie construída de sesenta e catro metros cadrados (64,00 m²). Só se pode acceder a ela mediante a escaleira interna da edificación.

Taboa 1.1.1.B.b Superficies Pranta Edificio 2.- Casa do conserxe.

Plantas	Superficies construídas (m²)
Planta Baixa	104,00
Planta Alta	64,00
TOTAL	169,00

C) Edificio 3.- XIMNASIO.

A edificación está situada no borde NORTE da parcela, á dereita do portal de entrada ao recinto, ao lado dereito da entrada da parcela. Ten forma cadrada. Está composta por unha soa pranta.



No seu interior está o espazo dunha antiga pista deportiva, un almacén, o despacho do monitor e os vestiarios con aseose duchas. Ten unha superficie construída de cincocentos seis metros cadrados (506,00 m²). Pódese acceder a él mediante a entrada principal na fachada Oeste, e logo ten dúas entradas mais na fachada Sur entre os vestiarios e na fachada Este.

Taboa 1.1.1.B.c Superficies Pranta Edificio 3.- Ximnasio.

Plantas	Superficies construídas (m²)
Planta Baixa	506,00
TOTAL	506,00

D) Edificio 4

Non existe no estado actual.

E) URBANIZACIÓN E XARDINERÍA

A parcela consta dun vial principal que vai dende a entrada da parcela ata a entrada do edificio 1.- Instituto. Dito vial atravesa a parcela de Norte a Sur. Ten aceiras a ambos lado.



Ao lado Oeste, despois do edificio 2.- Casa do conserxe, temos un patio cuberto de unha superficie construída de cento trinta metros cadrados (130,00 m²). Ao lado Este hai unha pista aberta ao aire libre de fútbol sala de seiscientos oitenta e cinco metros cadrados construídos (685,00 m²). Temos unha aceira que bordea o Edificio 1.- Instituto, o campo de fútbol, o patio cuberto e a casa do conserxe. Tamén hai un vial de acceso que vai dende a entrada ao edificio de instituto. Entre as aceiras e viais temos unha superficie de mil trescentos dez metros cadrados. (1310,00 m²). O resto da parcela son zoas verdes que abarcan unha superficie de dous mil setecentos trinta e seis (2.736,00 m²). Conta cunha numerosa cantidade e variedade de árbores e arbustos dos cales se fixeron fichas técnicas para determinar a especie, o grado de deterioro e intentouse, na medida do posible, manter a maior cantidade delas no proxecto de rehabilitación.

Taboa 1.1.1.B.d Superficies urbanización.

Zonas	Superficies (m²)
Patio cuberto	130,00
Campo de fútbol	685,00
Viais e aceiras	1310,00
Zoa verde.	2.736,00
TOTAL	4.888,00

1.1.2. MEMORIA CONSTRUTIVA E.A.

A) Edificio 1.- INSTITUTO.

- Sustentación do edificio.

Despois de unha inspección visual do terreo comprobamos que se trata de un solo de arcilla semidura.

O edificio ten a cimentación a dobre altura con dúas xúntas de dilatación. A cimentación é a base de zapatas de formigón illadas unidas con vigas de atado. O nivel freático está baixo a cota de cimentación.

- Sistema estrutural.

A estrutura do edificio é unha estrutura porticada de formigón armado. Está dividida en tres trasmos, con dúas xuntas de dilatación. Os pilares son de formigón armado, que soportan o peso propio do forxado, da cuberta e a sobrecarga de uso. Na planta baixa hai unha lousa de formigón. O resto dos forxados son de semiviguetas pretensadas e bovedillas de formigón. Estes forxados transmiten as cargas directamente aos pilares. Ningún dos forxados aparenta estar danado, polo que se conservarán na súa totalidade. Hai un oco de ascensor con foso. Nos planos adxuntos a esta memoria figura a descripción xeométrica de toda a estrutura.

- Sistema envolvente.

A cuberta é de fibrocemento e tella cerámica curva. Ten illamento térmico mediante espuma ríxida de poliuretano por proxección sobre a cara interna do forxado. O cerramento de cuberta está apoiado sobre en viguetas que se apoian en tabiques separados uns 3 metros.

O cerramento de fachada é de tabique de dobre folla de ladrillo oco dobre con cámara de aire e aislante térmico na folla interior.

- Sistema de compartimentación.

En toda a edificación hay varios tipos de tabiques:

Tabique autoportante Y-crt normal 122/400 formado por catro placas de alma de xeso entre dous cartóns especiais, normais, de 13mm de espesor e dimensións 1200x2400x3000mm, con borde de unión afinado, fixadas con tornillos sobre perfís canais de 73 mm e montantes de aceiro galvanizado de 70 mm separados 400 mm entre eixos.

Trasdoso de paramento vertical con placa de alma de xeso entre dous cartóns especiais, con aislamiento de panel de lana de roca de 90 kg/m³

Fábrica de ladrillo dobre de 25x12x8 mm, de ½ pe de espesor recibido con morteiro de cemento con revestimento polas dúas caras.

Mampara mixta para interiores ou exteriores, formada por zonas fixas e practicables, e zonas acristaladas con vidro laminado 3+3 con zonas fixas e practicables e partes cegas.

- Sistema de acabados.

O edificio conta cos seguintes acabados:

Enfoscado fratasado sin maestrear con morteiro de cemento en paramentos verticais de 15mm de espesor.

Solado de terrazo de 40x40 cm microgramo, pulido en fábrica, recibido con morteiro de cemento. Rexuntado con leitada de cemento blanco. Algún destes solados foron arrancados e encontráanse totalmente deteriorados.

Revestimento con baldosín vitrificado antideslizante de 30x30 mm, recibido con pasta de cemento blanco.

Solado de baldosa de gres porcelánico pulido de 40x40 cm recibido con morteiro de cemento e rexuntado con leitada de cemento blanco.

Pintura plástica lisa mate con cores claros, sobre paramentos horizontáis e verticais.

- Sistema de acondicionamento e instalacións.

Todas as instalacións están en estado de ruína. Algunhas delas son inexistentes na actualidade xa que as roubaron debido a que está sen vixancia as instalacións. O suministro de auga é mediante una desviación da rede xeral de auga potable que pasa pola zoa. A enerxía eléctrica estaba suministrada pola compañía eléctrica da zona e a acometida realizárase en Baxa Tensión 3 x 380x220 V. A calefacción era a gasoil, pero na actualidade non existe nin caldeira nin a maioría dos radiadores.

- Sistema de seguridade.

Todo o edificio está sen barandillas, sen ningún tipo de sinalización nin medios de seguridade.

- Equipamento.

A totalidade do mobiliario foi roubado ou destruído.

B) Edificio 2.- CASA DO CONSERXE.

- Sustentación do edificio.

Despois de unha inspección visual do terreo comprobamos que se trata de un solo de arcilla semidura.

A cimentación é a base de zapatas de formigón illadas unidas con vigas de atado. O nivel freático está baixo a cota de cimentación. O formigón de limpeza de consistencia plástica. (base zapatas). O formigón de central, armado con aceiro con una cuantía de 80 kg/m³ en zanjás, zapatas e riostras de cimentación, de consistencia plástica e tamaño máximo de árido de 40 mm. (muro patio, vigas de atado e base zapatas)

Sistema Tipo Iglú de soleira elevada consistente de un conxunto de pezas de polipropileno reciclado de 27 cm de altura e dimensións en planta de 0,50x0,50 m con ensamblaxe machihembrado entre as pezas, colocados sobre 30 cm de grava en terreo previamente compactado, a modo de encofrado perdido, con cámara de aire ventilada interior por medio de tubos embebidos nos nervios de borde e rexillas de protección exterior, con capa de compresión de formigón armado con malla electrosoldada de aceiro.

- Sistema estrutural.

A estrutura é de formigón de central armado, composta por pilares, vigas e forxados semirresistentes. (1º planta)

Aceiro laminado en perfís laminados en quente para vigas, pilares, zunchos e correas mediante unións atornilladas. (dinteles)

Lousa enclinada de formigón central, para revestir, armado con aceiro de 12 cm de espesor, medida en proxección horizontal con peldaños. (losa escaleiras)

- Sistema envolvente.

Cerramento formado por fábrica de ladrillo hoco dobre de 25x12x8 cm colocado a ½ pe, cámara de aire con aislamiento termoacústico a base de poliuretano proxectado e fábrica de ladrillo hoco dobre de 25x12x8 cm colocado a panderete, recibidos con morteiro de cemento. (fachadas)

Fábrica de ladrillo dobre de 25x12x8 cm de ½ de espesor recibido con morteiro de cemento. (almacén e muro patio).

Cuberta de chapa de aceiro de 0,6 mm en perfil comercial prelacado por cara exterior sobre correas metálicas.

Illamento térmico en forxados mediante placas ríxidas de poliestireno extruído tipo Floormate-500 de 40 mm de espesor.

Illamento térmico mediante espuma ríxida de poliuretano realizado por proxección sobre a cara interior do cerramento de fachada, con una densidade de 30 kg/m³.

- Sistema de compartimentación.

Tabique autoportante de 100 mm de ancho formado por dúas placas de alma de xeso entre dous cartóns especiais tratados con siliconas de cor verdoso, conservando a súa porosidade, resistentes a auga, de 15 mm de espesor e dimensións de 1200x2500x300 mm, con borte de unión afinado, fixadas con tornillos sobre perfís canales de 73 mm de montantes de aceiro galvanizado de 70 mm separados 600 mm entre eixos.

- Sistema de acabados.

Revestimento de paramentos verticais con morteiro fino de cal acabado brillante en cor Beige aplicado a llana, con un espesor de 2 a 4 mm, aplicado directamente sobre enfoscado de cemento.

Enfoscado maestrado, fratasado e bruñido con morteiro de cemento en paramentos verticais de 20 mm de espesor.

Enfoscado fratasado sin maestrear con morteiro de cemento en paramentos verticais de 15 mm de espesor.

Enlucido de xeso branco en paramentos horizontais de 3 mm de espesor. (teito planta baixa)

Pintura plástica lisa mate en cores claros, sobre paramentos horizontais e verticais, lavable dúas mans. (divis, interiores).

Pintura acrílica plástica mate universal, aplicada con rodillo, en paramentos verticais e horizontais de fachada. (porche dianteiro).

Falso techo de placas de escaiola lisa de 100x60 cm, recibida con esparto e pasta de escaiola.

Alicatado con azulexo 20x30 cm recibido con morteiro de cemento. (baño).

Encimera de granito de importación de 2 cm de espesor, en protección de alfeizares, con un ancho de 20 cm. (exterior de ventas).

Zócalo de lousa rectangular de formigón, acabado superficial liso, de 60x30x3 cm, asentada con morteiro de cemento. (Zócalo exterior planta baixa).

Solado de baldosa de gres extrusionado flameado de 15x15 cm con xunta de 1 cm, recibido con morteiro de cemento. (Baño, cociña e vestíbulo).

Tarima flotante de roble estándar de 14 mm de espesor, colocada "á española", colocada sobre forxado ou soleira, barreira de vapor con espuma celaide de poliestileno, acuchillado, lixado e cinco mans de barniz de d uas componentes en fábrica. (Dormitorios, distribuidoar, salón, tabicas escaleira).

Pavimento peatonal de formigón de 5 cm de espesor, coloreado e endurecido superficialmente e con acabado bruñido a máquina, sobre firme. (Porche dianteiro e traseiro).

- Sistema de acondicionamento e instalacións.

Porta de paso cega normalizada, serie económica, lisa hoca de sapelly barnizada na sua cor una vez colocada, con duas mans de barniz mate. (Portas interiores).

Porta de paso cega corredeira, de 1 folla normalizada, de shapeline lacado con pintura ao esmalte sintético. (Porta cociña).

Ventá de carpintería de aluminio lacado, con rotura de ponte térmico, serie V-8000 ou similar, de dimensións de 4,45x0,60m, composta por un módulo fixo nun extremo de 1,53x0,60m e duas ventas corredeiras de 1,50x0,60 m e 1,43x0,60 m (Ventá Pasillo.)

Barandilla de 90 cm de altura, construída con tubos hocos de aceiro galvanizado en quente pintado de sección circular, superior horizontal e montantes verticais de 50 mm de diámetro con bordes curvados radio 10 cm, intermedios dous tubos horizontais de 40 mm de diámetro soldados entre sí. (Hoco de escaleiras).

Porta entrada de una folla de carpintería de aluminio lacado con rotura de ponte térmico, serie BWR.57 ou similar, de dimensións totales de 2,00x2,60 m, composta por una unidade de paso de 1,00x2,60 m e un módulo fixo de 1,00x2,60 m. (Porta entrada).

- Sistema de seguridade.

Todo o edificio está sen barandillas, sen ningún tipo de sinalización nin medios de seguridade.

- Equipamento.

A totalidade do mobiliario foi roubado ou destruído.

C) Edificio 3.- XIMNASIO

- Sustentación do edificio.

O edificio sustentase en pozos de cimentación, zapatas corridas e vigas de atado de formigón. As zapatas irán sobre pozos para encontrar a cota firme.

Sistema tipo Iglú de soleira elevada consistente nun conxunto de pezas de polipropileno reciclado de 12cm de altura e dimensións en planta de 50x50 cm en ensamblaxe machiebrado previamente compactado, a modo de encofrado perdido, con cámara de aire vnetilada interior por medio de tubos embebidos aos nervios de borde e rexillas de protección exterior, capa de compresión de 5 cm de formigón armado con malla electrosoldada de aceiro.

- Sistema estrutural.

Aceiro laminado en perfís laminados en quente para vigas, pilares, zunchos e correas mediante unións atronilladas.

Forxado unidireccional de formigón armado con aceiro, composto por semivigueta armada de menos de 3,5 metros de luz media e intereixo de 70 cm e covedilla cerámica, para canto de 11+4 cm.

- Sistema envolvente.

Fachada de paneles prefabricados de formigón armado tipo Castelo acabado natural gris liso, de espesor de 20 cm formado por dúas capas de formigón armado de 6 cm ao exterior e 4 cm ao interior e alma de poliestireno expandido de 10 cm de espesor, cego.

Fábrica de ladrillo perforado de 25x12x10 cm de ½ pe de espesor de fachada, recibido con morteiro de cemento, para revestir. (Alzado nordeste e suroeste).

Cuberta de panel de chapa galvanizado de 5 mm de espesor por cada cara con alma de espuma rixida de poliuretano formando un espesor total de 35 mm con acabado prelacado en ambas caras, tapaxuntas cada 900 mm.

Illamento térmico en forxado mediante placas rixidas de poliestireno extruído tipo Floormate-500 de 40 mm de espesor. (illamento vestuarios e soleira de ximnasio)

Illamento térmico mediante espuma rixida de poliuretano realizado por proxección sobre a cara interior do cerramento de fachada. (Revestimento de fachada sureste).

Impremeabilización de frente de soleira con morteiro de reparación impermeable, sin retracción con un rendimento de 3 kg/m en consistencia pastosa. (cierre soleira)

Impermeabilización con lámina sintética de polietileno clorado e copolímeros de etileno, con armadura de poliéster de alta densidade e espesor 2 mm. (Unión muro-forxado).

- Sistema de compartimentación.

Tabicón de ladrillo hoco dobre de 25x12x8 cm, recibido con morteiro de cemento.

- Sistema de acabados.

Enfoscado fratasado sen maestrear con morteiro de cemento.

Enlucido de xeso branco en paramentos verticais de 3 mm de espesor.

Pintura plástica lisa mate en cores claros, sobre paramentos horizontáis e verticáis, lacable dúas mans,

Revestimento con baldosín vitrificado de 30x30 mm, recibido con pastas de cemento branco e rexuntado con cemento branco.

Falso techo de placas de escaiolalisa de 100x60 cm, recibida con esparto e pasta de escaiola.

Chapa de aceiro en fachada de 1 mm, en perfil comercial tipo PL-35/145 de Aceralia prelacado por cara exterior sobre correas metálicas.

Panel vertical formado por una lámina lisa de aceiro prelacado de 0,5 mm, con núcleo de EPS, poliestireno expandido de 20 kg/m³, con espesor total de 50 mm.

Pavimento peatonal de formigón. (Porche e almacén)

Pavimento deportivo formado por un nivel de rastreles de sección 20x50 mm separados 250 mm e apoiados en almohadillas de caucho, tarima formada por tablas macizas machihembradas de 22 mm de espesor de madeira de halla de primeira calidade, lixadam acuchillada e barnizada en fabrica, con barniz de isocianato e man final con barniz de resina de poliuretano antideslizante. (pista ximnasio)

Revestimento con baldosín vitrificado antideslizante de 30x30 mm, recibido con pasta de cemento blanco (vestuarios e aseos)

Solado de loseta de formigón branca lisa de 15x15x4 cm, colocada sobre capa de área de rio de 2 cm de espesor, recibida con morteiro de cemento. (borde perimetral gimnasio e apoio ventanas).

- Sistema de acondicionamento e instalacións.

Porta de paso ciega normalizada, lisa hueca de sapelly barnizada en su color una vez colocada, con dos manos de barniz mate. (vest. Monitor)

Frente e lateral de cabinas de aseo formado por una placa Trespa de 13 mm de espesor. (entrada duchas)

Porta formada por una placa Trespa de 13 mm de espesor. (Aseos e vestuarios).

Porta exterior metálica de dimensións 200x210 cm en chapa lisa de aceiro galvanizado en quente con estrutura de perfilería tubular de 5x10 cm e recheo de fibra de vidro entre perfís tubulares de 2,5x5 cm e recheo de fibra de vidro entre tubulares verticais. (acceso)

Porta exterior metálica de dimensións 100x235 cm formada por dos módulos, un superior acristalado de 100x35 cm con apertura proxectante cara o exterior e vidreo de seguridade 3+3 templados/10/5 e una folla interior de 100x200 cm con chapa lisa de aceiro galvanizado en quente con estrutura de perfilería tubular de 5x10 cm de recheo de fibra de idrio entre perfíes verticais. (Acceso ex vestuarios)

Porta exterior metálica de dimensións 100x210 cm formada por una folla de chapa lisa de aceiro galvanizado en quente con estrutura de perfilería tubular de 5x10 cm e recheo de fibra de vidro entre perfís tubulares de 2,5x5 cm e recheo de fibra de vidro entre tubulares verticais. (Interior vestuarios e almacén)

Porta exterior metálica de dimensións 100x210 cm formada por una folla de chapa lisa de aceiro galvanizado en quente con estrutura de perfilería tubular de 5x10 cm e recheo de fibra de vidro entre perfís tubulares de 2,5x5 cm e recheo de fibra de vidro entre tubulares verticais, con un paño acristalado de 1,40x0,70 de vidro de seguridade 6+6 templados. (entrada vest monitor)

Ventá de carpintería de aluminio lacado, cor azul, serie Cuimper de Inasus ou similar, de dimensións 250 x 0,65 m. Composta por módulo fixo en un extremo de 0,45 x 0,65 m e duas ventas corredeiras de 1,025 x 0,65 m. (vestuarios) (outras dimensións) 150x65 190x210 ..

- Sistema de seguridade.

Todo o edificio está sen barandillas, sen ningún tipo de sinalización nin medios de seguridade.

- Equipamento.

A totalidade do mobiliario foi roubado ou destruído.

E) URBANIZACIÓN E EQUIPAMENTO

A parcela conta con un campo de fútbol de formigón. Ten un pavimento de lousa rectangular de formigón, acabado superficial liso, de 50x50x25 cm, sobre soleira de formigón asentada con morteiro. Outro pavimento peatonal de formigón de 10 cm de espesor, acabado superficial bruñido a man. O resto da parcela é de terra vexetal areosa, limpa e cribada con medios mecánicos.

1.2. ESTADO REFORMADO (E.R.).

1.2.1. MEMORIA DESCRIPTIVA E.R.

1.2.1.1. DESCRICIÓN DO PROXECTO.

A actividade rehabilitadora consiste no cambio de uso do instituto actual, para convertilo nunha residencia de maiores e centro de día. Reorganizarase o interior do instituto, casa do conserxe e do ximnasio, sin adulterar o seu volumen. Incorporaránse todas aquelas instalacións necesarias para satisfacer as necesidades de confort, comodidade e accesibilidade conforme á normativa actual. Os espazos serán accesibles a persoas con mobilidade reducida, de acordo coa normativa vixente.

A calidade de vida en relación coa vellez hai que relacionala con conceptos de benestar e saúde. A calidade da vida dunha persoa maior está relacionada co seu entorno ambiental e afectivo, o que inclúe non só os cuidados de saúde adecuados e a cercanía e seguridade que ofrecen a familia e os amigos senon un medio que favoreza o desenvolvemento autónomo e integral.

De feito, o crecente envellecemento da poboación fai preciso favorecer ao máximo a acomodación das persoas aos seus progresivos deterioros físicos e/ou mentais. Esta adecuación, deberá ir acompañada pola adaptación do aloxamento, o seu entorno inmediato e as condicións urbáns xa que a adecuación física do aloxamento pode realzar ou diminuír o benestar dos individuos e familias así como a dunha comunidade completa.

O obxectivo da vivenda é proporcionar un medio ambiente para a familia que permita aos seus membros satisfacer as súas necesidades individuais básicas no referente á alimentación, o sono, a hixiene, o ocio e a diversión así coma as súas variadas necesidades sociais. De ahí que non só resulte importante a hixiene dos diferentes espazos senon tamén o tamaño, a forma e a disposición do mobiliario e das habitacións. A necesidade de lograr un pracer estético no fogar, que se transmite inconscientemente e que está relacionada cos sentimentos de apropiación do espazo, debe estar en consonancia cos gustos propios, coa idade, coas necesidades persoais e coa comodidade. Resulta obvio que no caso das persoas maiores institucionalizadas a residencia é a súa vivenda, o seu fogar ou a súa casa.

Hai que ter en conta que a persoa maior é máis vulnerable a todo tipo de agresión porque os seus mecanismos de defensa están máis limitados.

É importante á hora de diseñar una residencia que os espazos satisfagan ás necesidades reais dos usuarios. Nestas instalacións preténdese non só un seguimento asistencial, senon que

tamén se procura que non se acentúe o illamento, o desarraigo, a falta de autonomía e o sentimento de prescindibilidade que ten unha persoa maior.

Intentarase que as instalación teñan un contorno integrado, sen barreiras nin obstáculos para o acceso de todos aos diversos aspectos da vida social. Polo tanto, intentarase situar a residencia nun lugar non ruidoso, onde poidan dispor de espazos naturais de esparcemento. O mobiliario debe facilitar o desenvolvemento e a circulación das persoas. Éste debe presentar bordes redondeados. É importante presentar especial atención aos solos, colocnado neles material antideslizante; os espazos de xiro, que permitan sobradamente a mobilidade; e ás medidas de portas e ventás.

É necesario apoiar e favorecer as actividades socio-culturais que faciliten a relación entre os internos e as actividades físico recreativas que sirvan para previr enfermidades crónico-dexenerativas, osteoporose, etc. Débese promover encontros interxeneracionais nos espazos interiores amplos ou nos exteriores onde se poda pasear, sentarse a descansar, charlar e incluso practicar xogos tradicionais colectivos como petanca, chave, etc.

De ahí que resulte importante un deseño adecuado do espazo que permita non só a máxima independencia da persoa maior, senon tamén o máximo confort e a máxima seguridade que favoreza a intimidade e as relacións humáns ou facilite os tempos de ocio. Intentarase que as instalación teñan un contorno integrado, sen barreiras nin obstáculos para o acceso de todos aos diversos aspectos da vida social. Polo tanto, intentarase situar a residencia nun lugar non ruidoso, onde poidan dispor de espazos naturais de esparcemento.

Debemos ter en conta que a maioría dos usuarios destas instalacións a decisión de abitar nelas é a opción menos mala ou a única posible, pero en ningún caso a opción máis apetecible a priori. A maioría das persoas acuden a estas instalación cando teñen problemas de valerse por sí mesmos ou se quedan sos tras perder ao cónxuge e as súas familias non dispor de espazo nos seus domicilios. Esta situación de obrigatoriedade dificulta que as persoas sintan a residencia coma a súa casa. As persoas maiores aferranse con ahínco ao que coñecen, ao seu barrio, á súa casa, ás cousas que representan unha conexión co seu mundo afectivo e social. De ahí que a persoa maior queira permanecer na súa casa mentras sexa posible. Por eso resulta importante que as residencias sexan unha prolongación do seu fogar e que se coiden ao máximo o deseño e a estruturación dos factores ambientáis.

Todas as instalacións distribuiranse dende o ED3 Sala de Actividades, en onde se situara o centro de instalacións do edificio e dende ahí se repartirá cada unha das instalacións subterráneamente a cada edificio. Instalarase unha caldeira de combustión de pellets para sistema de alimentación mediante extractor sinfín, illamento interior, cámara de combustión con sistema automático de limpeza do queimador mediante parrilla basculante, intercambiador de calor de tubos verticais con mecanismo de limpeza automática, caixón para recollida de cinzas do módulo de combustión, control da combustión mediante sonda Lambda integrada, sistema de mando integrado BioControl, para o control dos circuitos de calefacción, acumulador de A.Q.S. e depósito de inercia, "HERZ". Esta caldeira cubrirá a totalidade da demanda de calefacción e A.Q.S. deste edificio, así como do resto dos edificios.

O sistema de calefacción que se opta para cubrir a demanda enerxética das distintas estancias é o solo radiante. O edificio disporá de instalacións térmicas según esixencias de benestar e hixiene, eficiencia enerxética e seguridade prescritas no Regrament ode Instalacións Térmicas do Edificio. As bases de cálculo para o cumprimento de esixencia básica do HE 2 están descritas no Regramento de Instalacións Térmicas do Edificio.

13.- Instalación contra incendios.

Disporase ao edificio dos equipos e instalacións adecuadas para facer posible a detección, o control e a extinción do incendio, así como a transmisión da alarma aos ocupantes.

Colocaranse detectores ópticos de fumes convencional, de ABS cor branca. Pulsador de alarma convencional de rearme manual, con tapa. Siera electrónica de cor vermello, tanto interior como exterior. Luminarias de emerxencia adosadas á parede, con dous leds de fluxo luminoso

de 220 lúmenes. Señalaranse todos os equipos contra incendios e sinalizaranse os percorridos de evacuación. Colocaranse rociadores automáticos con rotura a 68 grados centígrados, de ½ DN 15 mm de diámetro de rosca. Tamén se colocarán extintores portátiles.

E) URBANIZACIÓN E EQUIPAMENTO

Os viais da parcela serán de aglomerado asfáltico e as aceiras de lousas de formigón. Colocaranse dous invernadoiros na zoa de cultivos así como aspersores de riego. Na parte traseira do ED1 situarase unha rampla con catro tramos para salvar unha altura de case 3 metros e un xardín terapéutico. Todas as canalizacións das instalacións realizaranse subterráneamente por debaixo da calzada e das aceiras. Instalarase un portalón de acceso a vehículos na entrada e outra porta de acceso as persoas.

1.3. CUMPRIMENTO DE NORMATIVA.

1.3.1 CUMPRIMENTO DO CÓDICO TÉCNICO DE EDIFICACIÓN (CTE).

C.T.E. Documento Básico		Aplicable	Anexo
DB SE: Seguridade estrutural	DB SE: Bases de cálculo.	SI	1.4.1
	DB SE-AE: Accions da edificación.	SI	
	DB SE-C: Cimentos.	SI	
	DB SE-A: Aceiro.	NO	
	DB SE-F: Fábrica.	NO	
	DB SE-M: Madeira.	NO	
DB SI: Seguridade en caso de incendio	SI 1: Propagación interior.	SI	1.4.2
	SI 2: Propagación exterior.	SI	
	SI 3: Evacuación de ocupantes.	SI	
	SI 4: Instalacións de protección contra incendios.	SI	
	SI 5: Intervención de bombeiros.	SI	
	SI 6: Resistencia ao lume da estrutura.	SI	
DB-SUA: Seguridade de utilización e accesibilidade	SUA 1: Seguridade fronte ao risco de caídas.	SI	1.4.5
	SUA 2: Seguridade fronte ao risco de impacto ou de atrapamento.	SI	
	SUA 3: Seguridade fronte ao risco de aprisionamento.	SI	
	SUA 4: Seguridade fronte ao risco causado por iluminación inadecuada.	SI	
	SUA 5: Seguridade fronte ao risco causado por situación de alta ocupación.	NO	
	SUA 6: Seguridade fronte ao risco de afogamento.	NO	
	SUA 7: Seguridade fronte ao risco causado por vehículos en movemento.	NO	
	SUA 8: Seguridade fronte ao risco causado pola acción do raio.	NO	
	SUA 9: Accesibilidade.	SI	
DB-HS: Salubridade	HS 1: Protección fronte á humidade.	SI	1.4.3
	HS 2: Recollida e evacuación de residuos.	NO	
	HS 3: Calidade do aire interior.	SI	
	HS 4: Suministro de auga.	SI	
	HS 5: Evacuación de augas.	SI	

DB-HR: Protección frente ao ruído	DB-HR: Protección fronte ao ruído	SI	1.4.3
DB-HE: Aforro de enerxía	HE 1: Limitación de demanda enerxética.	NO	1.4.4
	HE 2: Rendimento das instalacións térmicas.	SI	

1.3.2 CUMPRIMENTO DOUTROS REGULAMENTOS E DISPOSICIÓNS.

Outros reglamentos	Anexo
E.H.E.	1.4.1
R.E.B.T. Reglamento Electrotécnico Baixa Tensión.	1.4.3
R.I.T.E. Recinto de Instalacións Técnicas do Edificio.	1.4.3
Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.	1.4.5
PXOM Brión	1.4.5
Lei do 8 de agosto de 1997 (DOG 29 setembro) sobre Accesibilidade e Supresión de Barreiras Arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia.	1.4.5
Reglamento ascensores 2013	1.4.3
Decreto 233/1995, de 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.	1.4.5
Decreto 35/2000 do 28 de Xaneiro (DOG do 29 de febreiro) polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.	1.4.5
Orde do 13 de abril do 2007. DOG Nº 80 do 25 de abril do 2007	1.4.5
Decreto 243/95 do 28 de Xullo. Centro de atención a persoas maiores	1.4.5
Decreto 108/2006 de ordenación turística de restaurantes e cafeterías na comunidade autónoma de Galicia (Modificado polo decreto 8/2007).	1.4.5

Brión, xullo de 2015

O proxectista:

Christian García Iglesias.

1.4. ANEXOS.

1.4.1. SISTEMA ESTRUTURAL.

Dado o estado xeral da estrutura de todas as edificacións, no proxecto aproveitaremos todos os elementos estruturais existentes, facendo unha drenaxe perimetral baixo as aceiras para unha mellora e coidado das condicións da cimentación.

1.4.1.1. Edificio Nº1: Antigo Instituto -> (Novo CENTRO DE DÍA E RESIDENCIA DE MAIORES).

A cimentación do edificio é de zapatas illadas a dobre altura arriostradas con vigas de atado. Dito edificio ten dúas xuntas de dilatación. A estrutura é porticada con pilares de sección cadrada de formigón armado. O forxado é unidireccional de 70 cm de intereixo. A cuberta, de tella sobre fibrocemento, está sustentada en viguetas prefabricadas de formigón que se apoian en tabiques de ladrillo oco dobre.

Neste edificio colocarase un forxado sanitario de tipo Caviti no solo da planta baixa. Substituirase o ascensor existente e instalarase outro ascensor e un montacargas. Realizaranse probas de carga nos forxados de teito da Planta Semisoto, Planta Baixa e Planta Alta.

VALIDACIÓN DE UN FORXADO MEDIANTE UNHA PROBA DE CARGA

A proba realizarase nun edificio da década dos 70. Dito edificio conta cun forxado unidireccional de canto de 25 cm (22+3) e intereixo de 70cm.

1.- Protocolo de realización (s/artigo 101.2, c) EHE.

A proba de carga realizarase co fin de avaliar a capacidade resistente do forxado aproximadamente cuarenta anos despois da súa execución. Para poder levar a cabo este tipo concreto de proba de carga é necesario que o elemento teña 56 días de idade ou que alcanzase a resistencia nominal prevista do proxecto.

1.1.- Descrición das cargas a aplicar e a súa situación

Cálculo de $Q_{\text{proba carga}}$:

Carga permanente, G :

- peso propio forxado: 3,0 KN/m²
- solado/cubrición: 1,0 KN/m²
- tabiques: 0,5 KN/m²

$$G = 4,5 \text{ KN/m}^2$$

Carga variable, $Q = 4 \text{ KN/m}^2$

Sométese a estrutura a unha carga ($Q_{\text{proba carga}}$) de $0,85 \cdot (1,35G + 1,5Q)$. Aplícase enchendo de auga unha profundidade controlada as balsas de 2x2m de superficie, colocadas de forma

perpendicular á viga na zoa central do vano con maior luz, que resulte máis desfavorable: nesta proba, o forxado, con luz (L) de 5,3m.

$$Q_{proba\ carga}=0,85\cdot(1,35G+1,5Q)=0,85\cdot(1,35\cdot4,5+1,5\cdot4)=10,26KN/m^2.$$

Descontamos o peso propio do forxado, que xa está calculado.

$$10,26-3=\underline{7,26KN/m^2\ a\ aportar\ coas\ balsas\ de\ auga.}$$

Para calcular a profundidade de auga necesaria en cada balsa para aportar a carga desexada tense en conta a densidade da auga ($d=1000kg/m^3=1kg/dm^3$):

$$7,26KN/m^2=726kg/m^2$$

$$d=m/V\rightarrow m=d\cdot V\rightarrow 726kg=726dm^3$$

$$7,26KN/m^2=726dm^3/m^2=0,726m=\underline{72,64cm\ de\ profundidade\ de\ auga}$$

A carga debe ser aplicada en toda a luz do forxado, na súa zoa central e atravesar as dúas vigas en onde se apoia.

Ademáis, aplicarase sobre aproximadamente un mínimo de 4 nervios \rightarrow 3 intereixos, $3\cdot0,7=2,1m$. O ancho da balsa (2m) é menor aos 3 intereixos ($<2,1m$), polo que é necesario colocar 2 filas de balsas.

A carga aplicarase en 6 balsas de 2x2m, colocadas en 2 filas iguais na zoa central.

1.2.- Aparatos de medida a empregar

Para levar a cabo a medición da proba, empregarase:

- Medida de desprazamentos lineais, con recorrido non inferior ao 150% do valor esperado para o máximo desprazamento. A precisión de estos aparatos non será inferior ao 2% do máximo desprazamento previsto, recomendándose que non sexa tampouco inferior ao 10% da deformación residual admisible.
- Medida de desprazamentos angulares. Cando se empreguen clinómetros, cordas vibrantes ou medidores ópticos, a precisión dos mesmos non será inferior ao 5% do máximo valor previsto para a deformación angular a determinar.
- Medida de abertura de fisuras con medidores ópticos ou calquera outro medio mecánico con precisión mínima de 0,05 mm.
- Medida de deformacións unitarias. Cando o plan de ensaios prevexa este tipo de medidas, empregaranse extensómetros mecánicos, bandas extensométricas, cordas vibrantes u outros procedementos. A precisión do equipo extensométrico elixido será adecuado á magnitude das deformacións unitarias a determinar, e non inferior a $10\cdot10^{-6}$.
- Determinación das condicións ambientais, con apreciación de $\pm 1^\circ C$ da temperatura ambiente e de $\pm 5\%$ da humidade relativa.



1.3.- Descrición da metodoloxía empregada para a execución das diversas fases

1. Realizáranse lecturas iniciais da zoa antes de aplicar a carga calculada. En cada lectura observarase, dentro do eixo das balsas: nos extremos e no punto medio de aplicación da carga. Sempre que se realiza unha lectura da frecha, rexistrárase ademais das condicións de temperatura, humidade, soleamento e calquera outra condición que poda afectar ao ensaio.
2. Aplicárase a carga en catro intervalos (“escalóns”), de igual magnitude ($72,64\text{cm}/4=18,16\text{cm}$) e con intervalos de 5 minutos entre eles.
3. Realizáranse as seguintes lecturas 24 horas despois de que se haxa colocado a carga total de ensaio.
4. Ao terminar a realización da lectura, vaciáranse as balsas, de forma controlada e evitando retirar a carga bruscamente.
5. Condiciones necesarias para que a proba teña resultado satisfactorio:
 - Na zoa ensaiada, non se poden observar gretas non previstas que poidan comprometer a durabilidade ou seguridade da estrutura.
 - Sendo h o canto e L a luz de cálculo (ou, en caso de ser un voladizo dúas veces a distancia entre apoio e extremo) que a frecha máxima (f_{\max}) sexa:
 - a) $f_{\max} < L^2/20000h$
 - b) $f_{\max} > L^2/20000h$ e a frecha residual 24 horas despois de retirar a carga sexa $f_{\text{residual}} < Q_{\max}/4$. En caso contrario, realizárase un segundo ciclo de carga-descarga e a $f_{\text{residual}} < Q_{\max}/5$.
 - É recomendable que, nas probas nas que non se superen as cargas de servizo, $f_{\text{residual}} < f_{\max}/5$. En caso contrario, realizárase un segundo ciclo de carga-descarga y la $f_{\text{residual}} < f_{\max}/8$

2.- Análise dos resultados.

No noso caso, a frecha máxima, coa carga total aplicada ($7,26\text{KN/m}^2$), daríanos un valor de $f_{\max}=X,XX\text{mm}$.

A luz, $L=5,3\text{ m}$.

O canto, $h=25$ cm.

Por tanto, $f_{\max} < L^2/20000h \rightarrow$ se $X,XX\text{mm} < 53000^2/20000 \cdot 250 = 561,8\text{mm} \rightarrow$ **Cumpre.**

No caso de que non cumpra, habería que realizar un **Reforzo da estrutura.**

Para reforzar o forxado con fibra de carbono realizaranse os seguintes pasos:

- 1) Replanteo das bandas de fibra.
- 2) Lixado superficial do forxado para conseguir uniformidade no soporte.
- 3) Se o formigón presentase coqueras ou danos, aplicarase un morteiro de reparación de alta resistencia.
- 4) A continuación do lixado, aplícase unha capa de tapaporos que regulariza a capa soporte.
- 5) O seguinte paso é repetitivo: aplícase unha capa de resina a rodillo e colócase a banda de fibra de carbono. Este momento é moi importante porque hai que presionar ben a fibra con dous fins: conseguir que se empape ben de resina e lograr que non queden burbullas entre a fibra e o soporte. Este proceso hai que controlalo moi ben.
- 6) As 24 horas aplicarase a seguinte capa e así sucesivamente ata chegar o número de capas que saia por cálculo de sección equivalente.
- 7) A ter en conta durante todo o proceso é a limpeza da zona, que non se contamine a resina con polvo ou suciedade.

1.4.1.2. Edificio Nº 2: Antiga Casa do Conserxe -> (Novo edificio de ADMINISTRACIÓN).

A cimentación do edificio é de zapatas illadas con vigas de atado. O forxado do solo de Planta Baixa é bidireccional de casetóns de formigón armado. O forxado do solo da Planta Alta e da cuberta, é unidireccional de viguetas prefabricadas de 70 cm de intereixo.

Neste edificio demoleráse o forxado do solo da Planta Baixa e colocarase un forxado sanitario de tipo Caviti. Instalarase unha cimentación para un ascensor exterior.

Realizaranse probas de carga nos forxados de teito da Planta Baixa. A metodoloxía a seguir sería a mesma que a exposta para a realización de Probas de Carga para o Edificio Nº 1 Centro de Día e Residencia de Maiores.

1.4.1.3. Edificio Nº 3: Antigo Ximnasio -> (SALA DE ACTIVIDADES).

A cimentación deste edificio é de zapatas illadas arriostradas con vigas de atado. Ten unha soleira de formigón e unha estrutura porticada con pilares de formigón armado de sección cadrada e vigas metálicas alveoladas.

Neste edificio non se realizará ningunha intervención estrutural.

1.4.2. PROTECCIÓN CONTRA O INCENDIO.

1.4.2.1. PROPAGACIÓN INTERIOR.

- Compartimentación en sectores de incendios:

As distintas zoas do edificio agrúpanse en sectores de incendios, nas condicións que se establecen na taboa 1.1 (CTE DB SI 1 Propagación interior), que se compartimentan mediante elementos cuxa resistencia ao lume satisfán as condicións establecidas na taboa 1.2 (CTE DB SI 1 Propagación interior).

A efectos do computo da superficie dun sector de incendios, considerase que os locais de risco especial, as escaleiras e pasillos protexidos, os vestíbulos de independencia e as escaleiras compartimentadas como sector de incendios, que estén contidos en ditos sectores non forman parte do mesmo.

Toda zoa cuxo uso previsto sexa diferente ao subsidiario do principal do edificio, ou do establecemento no que esté integrado, constituirá un sector de incendios diferente cando supere os límites que establece a taboa 1.1 (CTE DB SI 1 Propagación interior).

Según “Criterios para a interpretación e aplicación do Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB SI – Seguridade en caso de incendio” expedido polo Ministerio de Fomento, os Centros de Día e Residencias para persoas maiores deben asimilarse, en xeral, a uso Residencia Pública, exceptuando cando o grado de dependencia dos ocupantes no caso de incendio sexa tan alto e tan xeralizado que faga aconsexable asimilalo a uso Hospitalario. No caso de Residencias para Maiores pasa o mesmo. No noso caso, os nosos usuarios do centro non serán de gran dependencia, posto que este centro está pensado e deseñado para uns usuarios con certa mobilidade, de ahí que haxa zoas como o xardín terapéutico ou as zoas de cultivo e invernadoiros, onde se require certa mobilidade.

En sector de uso “Residencial Pública”, os elementos que separan habitacións para aloxamento, así como oficinas de planta non considerados locais de risco especial, poseen unha resistencia ao lume mínima de EI 60.

As portas de paso entre sectores de incendio cumpren unha resistencia ao lume EI₂ t-C5, sendo “t” a metade do tempo de resistencia ao lume requerido na parede na que se encontre, ou ben a cuarta parte cando o paso se realiza a través de un vestíbulo de independencia de portas.

A superficie construída de cada sector de incendios non debe ser superior a 2500 m². No noso caso non temos ningunha edificación que supere esta superficie construída. Hai que ter en conta que o uso dunha instalación automática de extinción permítenos duplicar esta superficie.

- Locais de risco especial.

Os locais e zoas de risco especiais clasifícanse conforme a tres grados de risco (alto, medio e baixo) según os criterios establecidos na taboa 2.1 (CTE DB SI 1 Propagación interior), cumprindo as condicións que se determinan na taboa 2.2 da mesma sección.

NOME DO LOCAL: COCIÑA

Uso	Cociña según potencia instalada P
Potencia local	$20 < P < o = 200 \text{ kw}$
Clasificación	Risco Baixo
Cúmplense as condicións das zoas de risco especial	Si

NOME DO LOCAL: LAVANDERÍA

Uso	Lavanderías
Potencia local	$20 < S < o = 100 \text{ m}^2$
Clasificación	Risco Baixo
Cúmplense as condicións das zoas de risco especial	Si

- Espacios ocultos. Paso de instalacións a través de elementos de compartimentación de incendios.

A compartimentación contra incendios dos espacios ocupables ten continuidade nos espacios ocultos, tales como patinillos, cámaras, falsos teitos, solos elevados, etc., salvo cando éstos se compartimentan respecto dos primeiros polo menos coa mesma resistencia ao lume, podendo reducirse ésta á metade nos rexistros para mantemento.

Limitátese a tres plantas e unha altura de 10 m o desenvolvemento vertical das cámaras non estancas nas que existan elementos cuxa clase de reacción ao lume non sexa B-s3-d2, BL-s3-d2 ou maior.

A resistencia ao lume requerida nos elementos de compartimentación de incendio mantéñense nos puntos nos que ditos elementos son atravesados por elementos de instalacións, tales como cables, tuberías, conduccións, conductos de ventilación, etc., excluídas as penetracións cuxa sección de paso non exceda de 50 cm^2 . Para elo, optarase por unha das seguintes alternativas:

- a) Mediante elementos que, en caso de incendio, obturen automaticamente as seccións de paso e garanticen en dito punto unha resistencia ao lume polo menos igual á dos elementos atravesados.
- b) Mediante elementos pasantes que aporten unha resistencia polo menos igual á metade do elemento atravesado.

- **Reacción ao lume de elementos constructivos, decorativos e de mobiliario.**

Os elementos constructivos utilizados cumpren as condicións de reacción ao lume que se establecen na taboa 4.1 (CTE DB SI 1 Propagación interior).

As condicións de reacción ao lume dos compoñentes das instalacións eléctricas (Cables, tubos, bandexas, regletas, armarios, e tc.) regúlanse no Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión (RETB)

Reacción al fuego		
Situación del elemento	Revestimiento ⁽¹⁾	
	Techos y paredes ⁽²⁾⁽³⁾	Suelos ⁽²⁾
Zonas ocupables ⁽⁴⁾	C-s2,d0	E _{FL}
Recintos de riesgo especial	B-s1,d0	B _{FL} -s1
Espacios ocultos no estancos: patinillos, falsos techos, suelos elevados, etc.	B-s3,d0	B _{FL} -s2 ⁽⁵⁾
<p><i>Notas:</i></p> <p>(1) Siempre que superen el 5% de las superficies totales del conjunto de las paredes, del conjunto de los techos o del conjunto de los suelos del recinto considerado.</p> <p>(2) Incluye las tuberías y conductos que transcurren por las zonas que se indican sin recubrimiento resistente al fuego. Cuando se trate de tuberías con aislamiento térmico lineal, la clase de reacción al fuego será la que se indica, pero incorporando el subíndice L.</p> <p>(3) Incluye a aquellos materiales que constituyan una capa contenida en el interior del techo o pared y que no esté protegida por una capa que sea EI 30 como mínimo.</p> <p>(4) Incluye, tanto las de permanencia de personas, como las de circulación que no sean protegidas. Excluye el interior de viviendas. En uso Hospitalario se aplicarán las mismas condiciones que en pasillos y escaleras protegidos.</p> <p>(5) Se refiere a la parte inferior de la cavidad. Por ejemplo, en la cámara de los falsos techos se refiere al material situado en la cara superior de la membrana. En espacios con clara configuración vertical (por ejemplo, patinillos) así como cuando el falso techo esté constituido por una celosía, retícula o entramado abierto, con una función acústica, decorativa, etc., esta condición no es aplicable.</p>		

1.4.2.2. PROPAGACIÓN EXTERIOR.

- Medianerías e fachada:

En fachadas, límitase o risco de propagación exterior horizontal do incendio mediante o control das separacións mínima entre ocós de fachada pertencentes a sectores de incendios distintos, entre zoas de risco especial alto e outras zoas, ou cara unha escaleira ou pasillos protexido dende outras zoas, entendendo que ditos ocós supoñen áreas de fachada onde non se alcanza unha resistencia ao lume mínima de EI 60.

Na separación con outros edificios colindantes, os puntos da fachada do edificio considerado con unha resistencia ao lume menor que EI 60, cumpren o 50% da distancia esixida entre zoas con resistencia menor que EI 60, ata a bisectriz do ángulo formado polas fachadas do edificio obxecto e a colindantes.

A limitación do risco de propagación vertical do incendio por fachada efectúase reservando unha franxa de un metro de altura, como mínimo, con unha resistencia ao lume mínima EI 60, nas unións verticais entre sectores de incendios distintos, entre zoas de risco especial alto e outras zoas máis altas do edificio, ou ben cara unha escaleira protexida ou cara un pasillo protexido dende outras zoas.

No caso de existir elementos salintes aptos para impedir o paso de chamas, a altura esixida a dita franxa pode reducirse na dimensión do citado salinte.

A clase de reacción ao lume dos materiais que ocupen máis do 10% da superficie de acabado exterior das fachadas das superficies interiores das cámaras ventiladas que ditas fachadas poden ter, será B-s3, d2 ou mellor ata unha altura de 3,5 m. como mínimo, en aquelas fachadas cuxo arranque inferior sexa accesible ao público, dende a rasante exterior ou dende unha cuberta; e en toda a altura da fachada cando ésta teña unha altura superior a 18 m, con independencia de onde se encontré o seu arranque.

- **Cubertas:**

Co fin de limitar o risco de propagación exterior do incendio pola cuberta, xa sexa entre dous edificios colindantes, xa sexa nun mesmo edificio, ésta terá unha resistencia ao lume REI 60, como mínimo, en unha franxa de 0,50 m de anchura medida dende o edificio colindante, así como en unha franxa de 1,00 m de anchura situada sobre o encontró coa cuberta de todo elemento compartimentador dun sector de incendios ou un local de risco especial alto. Como alternativa da consolidación anterior pode optarse por prolongar a medianería e o elemento compartimentador 0,60 m por encima do acabado da cuberta.

No encontró entre unha cuberta e unha fachada que pertenza a sectores de incendio ou a edificios diferentes, as alturas h sobre a cuberta ás que deberán estar calquera zoa de fachada cuxa resistencia ao lume non sexa polo menos EI 60 será a que se indique a continuación, en función da distancia d da fachada, en proxección horizontal, as que esté calquera zoa da cuberta cuxa resistencia ao lume tampouco alcance dito valor.

Os materiais que ocupen máis do 10% do revestimento o acabado exterior das zoas de cuberta situadas a menos de 5 m de distancia da proxección vertical de calquera zoa de fachada, do mesmo ou de outro edificio, cuxa resistencia ao lume non sexa polo menos EI 60, incluída a cara superior dos voladizos cuxo salinte exceda de 1 m, así como os lucernarios, claraboias e calquera outro elemento de iluminación ou ventilación, deben pertencer á clase de reacción ao lume $B_{ROOF}(t1)$.

1.4.2.3. EVACUACIÓN DE OCUPANTES.

- **Compatibilidade dos elementos de evacuación:**

Os elementos de evacuación do edificio non deben cumprir ningunha condición especial das definidas no apartado 1 (DB SI 3), ao non estar previsto nel ningún establecemento de uso “Comercial” ou “Pública Concurrência”, nin establecementos de uso “Docente”, “Hospitalario”, “Residencial público” ou “Administrativo” de superficie construída maior a 1500 m².

- **Cálculo de ocupación, saídas e percorridos de evacuación:**

O cálculo de ocupación do edificio resolveuse mediante a aplicación dos valores de densidade de ocupación indicados na taboa 2.1 (DB SI 3), en función ao uso e superficie útil de cada zoa de incendio de cada edificio

No reconto de superficies útiles para a aplicación das densidades de ocupación, tívose en conta o carácter simultáneo ou alternativo das distintas zoas do edificio, según o réxime de actividade e uso previsto do mesmo, de acordó ao punto 2.2 (DB SI 3).

O número de saídas necesiadas e a lonxitude máxima dos percorridos asociados, determinanse según o exposto na taboa 3.1 (DB SI 3), en función das ocupación calculada. Nos casos onde se necesite ou proxecte máis de unha saída, aplicarase a hipótese de asignación de ocupantes do punto 4.1 (DB SI 3), tanto para a inutilización de saídas a efectos de cálculo de capacidade das escaleiras, como para a determinación do ancho necesario das saídas, establecido conforme ao indicado na taboa 4.1 (DB SI 3)

Na planta de desembarco das escaleiras, añádese aos percorridos de evacuación e fluxo de persoas que provén das mesmas, con un máximo de 160 A persoas (sendo "A" a anchura, en metros, do desembarco das escaleiras), según o punto 4.1.3 (DB SI 3); e considerando o posible carácter alternativo da ocupación que desaloxam, se ésta provén de zoas do edificio non ocupables, simultáneamente, según o punto 2.2 (DB SI 3).

Nas zoas de risco especial do edificio, clasificadas según a taboa 2.1 (DB SI 1), considerarase que os puntos ocupados son de orixe de evacuación, e limítase a 25 m a lonxitude máxima ata a saída de cada zoa.

Ademáis, respetanse as distancias máximas dos percorridos fora das zoas de risco especial, ata as suas saídas de planta correspondentes, determinadas en función do uso, altura de evacuación e número de saídas necesarias e executadas.

- **Señalización dos medios de evacuación:**

Conforme ao establecido no apartado 7 (DB SI 3), utilizaranse señais de evacuación, definidas na norma UNE 23034:1988, dispostas conforme aos seguintes criterios:

- a) As saídas de recinto, plantas do edificio Terán unha señal co rótulo "SAÍDA", excepto en edificios de uso "Residencial Vivenda" ou, en outros usos, cando se trate de saídas de recintos cuxa superficie non exceda de 50 m², sexan fácilmente visibles desde todos os puntos de ditos recintos e os ocupantes estén familiarizados co edificio.
- b) A señal co rótulo "Saída de emerxencia" utilizarase en toda saída prevista para uso exclusivo no caso de emerxencia.
- c) Disporase de señais indicativas de dirección dos percorridos, visibles dende otdo orixe de evacuación dende o que non se aprecien directamente as saídas ou as súas señais indicativas e, en particular, fronte a toda saída de un recinto con ocupación maior a 100 persoas que acceda lateralmente a un pasillo.
- d) Nos puntos dos percorridos de evacuación nos que existan alternativas que poidan inducir a erro, tamén se disporán as señais antes citadas, de forma tal que quede claramente indicada a alternativa correcta. Tal é o caso de determinados cruces ou bifurcacións de pasillos, así como de aquelas escaleiras que, en plantas de saída do edificio, continúen o seu trazado cara plantas máis baixas, etc.

- e) En ditos percorridos, xunto cas portas que non sexan saída e que poidan inducir a erro na evacuación, debe disporse a señal co rótulo “Sen saída” en lugar fácilmente visible pero en ningún caso sobre as follas da porta.
- f) As sinais dispórannse de forma coherente coa asignación de ocupantes que se pretenda facer a cada saída da planta, conforme ao establecido no apartado 4 (DB SI 3).

As sinais serán visibles incluso no caso de fallo no suministro ao alumbrado normal. Cando sexa fotoluminiscentes, as súas características de emisión luminosa cumprirán o establecido nas normas UNE 23035-1:2003, UNE 23035-2:2003 e UNE 23035-4:2003 e o seu mantemento realizarase conforme ao establecido na norma UNE 23035-3:2003.

- **Evacuación de persoas con discapacidade en caso de incendios:**

Non se preveu a posibilidade de paso a un sector de incendios alternativo mediante unha saída de planta accesible ou de zoa de refuxio para persoas con discapacidade por non encontrarse o edificio entre os casos recollidos no apartado 9 (DB SI 3).

1.4.2.4. INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS.

- **Dotación de instalacións de protección contra incendios:**

O edificio dispón dos equipos e instalacións de protección contra incendios requeridos na taboa 1.1 do DB SI 4 Instalacións de protección contra incendios. O deseño, execución, posta en funcionamento e mantemento de ditas instalacións, así como os seus materiais, componentes e equipos, cumprirán o establecido, tanto no artigo 3.1 do CTE, como no Regulamento de Instalacións de Protección contra Incendios (RD 1942/1993, de 5 de novembro), nas súas disposicións complementarias e en calquera outro regramento específico que lles sexa de aplicación.

Nos locais e zonas de risco especial do edificio dispónse a correspondente dotación de instalacións indicada na taboa 1.1 (DB SI 4), sendo ésta nunca inferior á esixida con carácter xeral para o uso principal do edificio.

- **Señalización das instalacións manuais de protección contra incendio:**

Os medios de protección contra incendios de utilización manual (extintores, bocas de incendio, hidrantes exteriores, pulsadores manuais de alarma e dispositivos de disparo de sistemas de extinción) están sinalizados mediante as correspondentes señais definidas na norma UNE 23033-1. As dimensións de ditas señais, dependendo da distancia de observación, son as seguintes:

- a) 210 x 210 mm cando a distancia de observación non sexa superior a 10 m.
- b) 420 x 420 mm cando a distancia de observación está comprendida entre 10 e 20 m.
- c) 594 x 594 mm cando a distancia de observación está comprendida entre 20 e 30 m.

As señais serán visibles, incluso en caso de fallo no suministro eléctrico do alumbrado normal, mediante o alumbrado de emerxencia ou por fotoluminiscencia. Para as señais fotoluminiscentes, as súas características de emisión luminosa cumpren o establecido nas normas UNE 23035-1:2003, UNE 23035-2:2003 e UNE 23035-4:2003 e o seu mantemento realizarase conforme ao establecido na norma UNE 23035-3:2003.

1.4.2.5. INTERVENCIÓN DOS BOMBEIROS.

- **Condições de aproximación e entorno:**

Os viais de aproximación dos vehículos de bombeiros aos espazos de manobra aos que se refire o apartado 1.2, deben cumprir as condicións seguintes:

- a) Anchura mínima libre 3,5 m;
- b) Altura mínima libre de gálibo 4,5 m;
- c) Capacidade portante do vial 20 KN/m².

Nos tramos curvos, o carril de rodadura debe quedar delimitado pola traza de unha coroa circular cuxos raios mínimos deben ser 5,30 m e 12,50 m, con unha anchura libre para circulación de 7,20 m.

Como a altura de evacuación do edificio é inferior, posto que so hai dúas plantas por encima da rasante, según o punto 1.2 (CTE DB SI 5) non é necesario xustificar as condicións de accesibilidade por fachada para o persoal de servizo de extinción de incendios; tampouco se precisa a xustificación das condicións do vial de aproximación, nin o espazo de manobra para os bombeiros, a dispor en fachadas onde se sitúan os accesos do edificio.

1.4.2.6. RESISTENCIA AO LUME DA ESTRUTURA.

- **Elementos estruturais principais:**

Considérase que a resistencia ao lume de un elemento estrutural principal do edificio (incluídos forxados, vigas e soportes), é suficiente se:

- a) Alcanza a clase indicada na taboa 3.1 e 3.2 que representa o tempo de minutos de resistencia ante a acción representada pola curva normalizada tempo temperatura, ou
- b) Soporta dita acción durante o tempo equivalente de exposición ao lume indicado no anexo B (CTE DB SI Seguridade en caso de incendio).

Todas as taboas de percorridos, sinalización e medios de extinción encontranse nos planos anexos a esta memoria.

1.4.3. INSTALACIÓNS DO EDIFICIO.

1.4.3.1. Instalación de Saneamento.

A instalación de acometida enterrada para abastecemento de auga, que une a rede xeral de distribución de auga potable da empresa suministradora coa instalación xeral que se atopa no ED3 Sala de actividades para o posterior reparto ao resto dos edificios, continúa en todo o seu percorrido sen unions ou empalmes non rexistrables, formada por tubos de polietileno de alta densidade banda azul (PE-100), de 32 mm de diámetro exterior, PN= 100 atm e 3 mm de espesor, colocada sobre cama ou leito de área de 15 cm de espesor, no fondo da zanja previamente excavada; collarín de toma en carga colocado sobre rede xeral de distribución que serve de enlace entre a acometida e a rede; chave de corte de esfera de 1" de diámetro con mando de caudradillo colocada mediante unión orscada, situada xunto ao edificio de sala de actividades, fora dos límites de propiedade, aloxada na arqueta de dimensións de 55x55x50 cm de obra de fábrica construída de fábrica de ladrillo perforado toscado de ½ pe de espesor, recibido con morteiro de cemento, colocada sobre soleira de formigón en masa HM-20/P/20/I de 15 cm de espesor, enfoscada e bruñida polo interior con morteiro de cemento e cerrada superiormente con marco e tapa de función dúctil.

A instalación de tubos de alimentación será unha instalación de alimentación de auga potable de 19,39 m de lonxitude, enterrada, formada por tubos de polietileno de alta densidade de banda azul (PE-100), de 32 mm de diámetro exterior, PN= 40 m.c.a. e 3 mm de espesor, colocado sobre cama ou leito de área de 10 cm de espesor, no fondo da zanja previamente excavada, debidamente compactada e nivelada mediante equipo manual de pisón vibrante, recheo lateral compactado ata os riñóns e posterior recheo coa mesma área ata 10 cm por encima da xeneratriz superior da tubería.

As tuberías particulares das instalacións internas de cada un dos edificios, estarán colocadas nos paramentos, formada por tubo de polietileno reticulado (PE-X)

As tuberías calcularonse conforme ao establecido no CTE DB HS4 e aplicando o coeficiente de simultaneidade da norma francesa na que $KA= 1/(n^{\circ} \text{ de aparatos } -1)$.

A adxudicación das unicades de desagüe de cada aparato sanitario e os diámetros mínimos de sifón e derivación individual estableceuse na taboa 4.1 UDs correspondentes aos distintos aparatos sanitarios.

Tabla 4.1 UD's correspondientes a los distintos aparatos sanitarios

Tipo de aparato sanitario	Unidades de desagüe UD		Diámetro mínimo sifón y derivación individual (mm)		
	Uso privado	Uso público	Uso privado	Uso público	
Lavabo	1	2	32	40	
Bidé	2	3	32	40	
Ducha	2	3	40	50	
Bañera (con o sin ducha)	3	4	40	50	
Inodoro	Con cisterna	4	5	100	100
	Con fluxómetro	8	10	100	100
Urinario	Pedestal	-	4	-	50
	Suspendido	-	2	-	40
	En batería	-	3,5	-	-
Fregadero	De cocina	3	6	40	50
	De laboratorio, restaurante, etc.	-	2	-	40
Lavadero	3	-	40	-	
Vertedero	-	8	-	100	
Fuente para beber	-	0,5	-	25	
Sumidero sifónico	1	3	40	50	
Lavavajillas	3	6	40	50	
Lavadora	3	6	40	50	
Cuarto de baño (lavabo, inodoro, bañera y bidé)	Inodoro con cisterna	7	-	100	-
	Inodoro con fluxómetro	8	-	100	-
Cuarto de aseo (lavabo, inodoro y ducha)	Inodoro con cisterna	6	-	100	-
	Inodoro con fluxómetro	8	-	100	-

Os diámetros indicados na taboa son válidos para ramais individuais cuxa lonxitude non sexa superior a 1,5 m.

Para o dimensionado dos ramais entre aparatos sanitarios e a baixante, según o número máximo de unidades de desagüe e a pendente do ramal colector, utilizouse a taboa 4.3. Diámetros de ramais colectores entre aparatos sanitarios e baixante.

Tabla 4.3 Diámetros de ramales colectores entre aparatos sanitarios y bajante

Máximo número de UD			Diámetro (mm)
Pendiente			
1 %	2 %	4 %	
-	1	1	32
-	2	3	40
-	6	8	50
-	11	14	63
-	21	28	75
47	60	75	90
123	151	181	110
180	234	280	125
438	582	800	160
870	1.150	1.680	200

O dimensionado das baixantes realizouse dacordo coa seguinte taboa, na que se fai corresponder o número de plantas do edificio co número máximo de unidades de desagüe e o diámetro que corresponda á baixante, sendo o diámetro da mesma constante en toda a súa altura e considerando tamén o máximo caudal que poida descargar dende cada ramal en baixante.

Tabla 4.4 Diámetro de las bajantes según el número de alturas del edificio y el número de UD

Máximo número de UD, para una altura de bajante de:		Máximo número de UD, en cada ramal para una altura de bajante de:		Diámetro (mm)
Hasta 3 plantas	Más de 3 plantas	Hasta 3 plantas	Más de 3 plantas	
10	25	6	6	50
19	38	11	9	63
27	53	21	13	75
135	280	70	53	90
360	740	181	134	110
540	1.100	280	200	125
1.208	2.240	1.120	400	160
2.200	3.600	1.680	600	200
3.800	5.600	2.500	1.000	250
6.000	9.240	4.320	1.650	315

Os diámetros obtiveronse a partir da taboa 4.4 (CTE DB HS 5), que garantizan unha variación de presio na tubería menor que 250 Pa, así como un caudal tal que a superficie ocupada pola auga non supera un tercio da sección transversal da tubería

A desviación con respecto ao vertical dimensionouse con igual sección a baixante onde acomenten, debido a que forman ángulos coa vertical inferiores a 45 grados.

O diámetro dos colectores reduciuse a partir da taboa, en función ao número máximo de unidades de desagüe e da pendente.

Tabla 4.5 Diámetro de los colectores horizontales en función del número máximo de UD y la pendiente adoptada

Máximo número de UD			Diámetro (mm)
Pendiente			
1 %	2 %	4 %	
-	20	25	50
-	24	29	63
-	38	57	75
96	130	160	90
264	321	382	110
390	480	580	125
880	1.056	1.300	160
1.600	1.920	2.300	200
2.900	3.500	4.200	250
5.710	6.920	8.290	315
8.300	10.000	12.000	350

Os diámetros mostrados, obtivods na taboa 4,5 (CTE DB HS 5) garantizan que, baixo condicións de fluxo uniforme, a superficie ocupada pola aauga non supera a metade da sección transversal da tubería.

O número mínimo de sumidoiros, en función da superficie en proxección horizontal da cuberta a que dan servizo, calculase mediante a seguinte taboa:

Tabla 4.6 Número de sumideros en función de la superficie de cubierta

Superficie de cubierta en proyección horizontal (m ²)	Número de sumideros
S < 100	2
100 ≤ S < 200	3
200 ≤ S < 500	4
S > 500	1 cada 150 m ²

O diámetro nominal de canalón con sección semiciruclar de evacuación de augas pluviais, para unha intensidade pluviométrica dada (100mm/h), obtense da taboa seguinte, a partir da sua pendente e da superficie a que da servizo:

Tabla 4.7 Diámetro del canalón para un régimen pluviométrico de 100 mm/h

Máxima superficie de cubierta en proyección horizontal (m ²)				Diámetro nominal del canalón (mm)
Pendiente del canalón				
0.5 %	1 %	2 %	4 %	
35	45	65	95	100
60	80	115	165	125
90	125	175	255	150
185	260	370	520	200
335	475	670	930	250

O diámetro correspondente a superficie en proxección horizontal servida por cada baixante de auga pluviais obtívose da tabla seguinte:

Tabla 4.8 Diámetro de las bajantes de aguas pluviales para un régimen pluviométrico de 100 mm/h

Superficie en proyección horizontal servida (m ²)	Diámetro nominal de la bajante (mm)
65	50
113	63
177	75
318	90
580	110
805	125
1.544	160
2.700	200

Os diámetros mostrados, obtidos a partir da taboa 4.8 (CTE DB HS 5), garantizan unha variación de presión na tubería menor que 250 Pa, así como un caudal tal que a superficie ocupada pola auga non supera un tercio da sección trasversal da tubería.

Os diámetros dos colectores de augas pluviais para unha intensidade pluviométrica de 100 mm/h obtiveronse, en función a sua pendente e da superficie á que se sirve, da seguinte taboa:

Tabla 4.9 Diámetro de los colectores de aguas pluviales para un régimen pluviométrico de 100 mm/h

Superficie proyectada (m ²)			Diámetro nominal del colector (mm)
Pendiente del colector			
1 %	2 %	4 %	
125	178	253	90
229	323	458	110
310	440	620	125
614	862	1.228	160
1.070	1.510	2.140	200
1.920	2.710	3.850	250
2.016	4.589	6.500	315

Os diámetros mostrados, obtidos na taboa 4,9 (CTE DB HS 5), garantizan que, en réxime permanente, a auga ocupa a totalidade da sección transversal da tubería.

A rede de ventilación primaria ten o mesmo diámetro que da baixante a que se prolonga, independentemente da esixencia de unha columna de ventilación secundario. Mantense así a protección do cerre hidráulico.

1.4.3.2. Xerador de calor.

Os xeradores de calor e frío utilizados na instalación cumpren co establecido na instrucción técnica 1.3.4.1.1 Condicións xerais do RITE.

O ámbito de aplicación das salas de máquinas, así como as características comúns dos locais destinados á mesma, incluíndo as súas dimensións de ventilación, ha de disporse según a instrucción técnica 1.3.4.1.2 Salas de máquinas RITE.

A evacuación dos puntos de combustión das instalacións térmicas dos edificios realízase de acordo a instrucción técnica 1.3.4.1.3 Chimeneas, así como o seu deseño e dimensionado e a posibilidade de evacuación por conducto con saída directa ao exterior ou ao patio de ventilación.

A alimentación dos circuitos cerrados das instalacións térmicas realízase mediante un dispositivo que serve para repor as perdas de calor.

As variacións de lonxitudes as que están sometidas as tuberías debido á variación da temperatura foi compensada según o procedemento establecido na instrucción técnica 1.3.4.2.6 Dilatación do RITE.

A prevención dos efectos dos cambios de presión provocados por maniobras bruscas de algúns elementos do circuito realízase conforme á instrucción técnica 1.3.4.2.7 Golpe de ariete do RITE.

O cálculo e dimensionado da rede de conductores de instalación, así como elementos complementarios foi realizado conforme a instrucción técnica 1.3.4.2.10 Conductos de aire do RITE.

Todo o consumo de calefacción e AQS será suministrado pola instalación de biomasa especificada nos planos anexados a esta memoria.

1.4.3.3. Instalación de Fontanería (AF e AQS).

A esixencia da calidade térmica do ambiente considerase satisfeita no deseño e dimensionado da instalación térmica. Polo tanto, todos os parámetros que definen o benestar térmico mantéñense dentro dos valores establecidos.

A instalación proxectada constitúese nun edificio centralizado, para dar servizo a catro edificios de uso residencial, polo tanto consideraranse os requisitos de calidade de aire interior establecidos na sección HS 3 do CTE DB

O caudal mínimo do aire exterior de ventilación necesario calcúlase según o método indirecto de caudal de aire exterior por persoa e o método de caudal de aire por unidade de superficie especificados na instrucción técnica I.T.1.1.4.2.3.

A instalación interior de AQS dimensionouse según as especificacións establecidas no Documento Básico HS-4 do CTE DB.

O sistema de acumulación de auga quente sanitaria utilizado na instalación está composto por un interacumulador de intercambio simple, para produción de ACS.

As unidades de produción do proxecto utilizan enerxías convencionais axustándose á carga máxima simultánea das instalacións servidas considerando as ganancias ou perdas de calor a través das redes de tuberías de fluídos portadores, así como o equivalente término da potencia absorvida polos equipos de transporte de fluídos.

O illamento das tuberías realizouse según a I.T.1.2.4.2.1.1. "Procedemento simplificado". Este método define os espesores de illamento según a temperatura de fluído e o diámetro exterior da tubería sin illar.

Os cálculos de transmisión de calor das tuberías realizouse según a norma UNE-EN Iso 12241.

Considerouse as seguintes condicións exteriores para o cálculo de perda de calor:

Temperatura seca exterior en inverno: 1,8 grados

Velocidade do vento: 5,2 m/s

Consideráronse as condicións interiores do deseño nos recintos para o cálculo de perdas en tuberías especificados na xustificación do cumprimento da esixencia de calidade do ambiente do aparato.

O trazado das tuberías deseñouse tendo en conta o horario e funcionamento de cada subsistema, a lonxitude hidráulica do circuito e o tipo de unidades terminais servidas.

A instalación térmica proxectada está dotada dos sistemas de control automático necesarios para que se poidan manter nos recintos as condicións de deseño previstas.

A instalación térmica dispón dun dispositivo que permite efectuar a medición e rexistro do consumo de combustible e enerxía eléctrica de forma separada do consumo a outros usos dos edificios, ademais dun dispositivo que rexistra o número de horas de funcionamento do xerador.

O deseño da instalación foi realizado tendo en conta a zonificación, para obter un elevado benestar e aforro de enerxía. Os sistemas dividíronse en subsistemas, considerando os espazos interiores e a súa orientación, así como o seu uso, ocupación e horarios de funcionamento.

As instalacións térmicas adicadas á produción de auga quente sanitaria cumpre coa esixencia básica do CTE DB HE 4 “Contribución solar mínima de auga quente sanitaria” mediante a xustificación do seu DB.

As táboas de cálculos encontráanse nos planos anexos á esta memoria.

CONTRIBUCIÓN SOLAR MÍNIMA DE AUGA QUENTE SANITARIA.

A Sección HE 3: Contribución solar mínima de Auga Quente Sanitaria do DB CTE é aplicable a edificios de nova construción e rehabilitación de edificios existentes de calquera uso nos que exista unha demanda de auga quente sanitaria e/ou climatización de piscina cuberta.

A Contribución solar mínima determinada na aplicación da esixencia básica que se desenvolve nesta Sección, poderá diminuírse xustificadamente nos seguintes casos:

- a) Cando se cubra ese aporte enerxético da auga quente sanitaria mediante o aproveitamento de enerxías renovables, procesos de coxeración de fontes de enerxías residuais procedentes da instalación de recuperadores de calor axenos á propia xeración de calor do edificio;
- b) Cando o cumprimento deste nivel de produción supoña sobrepasar os criterios de cálculo que marca a lexislación de carácter básico aplicable;
- c) Cando o emprazamento do edificio non conte con suficiente acceso ao sol por barreiras externas ao mesmo;
- d) En rehabilitacións de edificios, cando existan limitacións non subsanables derivadas da normativa urbanística aplicable, que imposibiliten de forma evidente a disposición da superficie de captación necesaria.
- e) Cando así o determine o órgano competente que deba dictaminar en materia de protección histórico-artística.

No caso do presente Proxecto, optouse por prescindir da enerxía solar térmica xustificándose isto coa instalación de unha caldeira de biomasa, que cubrirá a totalidade da demanda de auga quente sanitaria e climatización dos catro edificios da Residencia de Maiores e Centro de Día, como di o apartado a) do parágrafo anterior.

1.4.3.4. Instalación de climatización.

Para diseñar unha instalación de solo radiante é necesario calcular previamente as cargas térmicas dos recintos. En caso de dispor de unha instalación de refrixeración, a carga térmica calculada considera un porcentaxe do 70% da carga térmica instantánea para a hora e o día máis desfavorable.

Unha vez calculadas as cargas térmicas describese a información necesaria para realizar o deseño da instalación por cada conxunto de recintos en cada edificio.

Para realiari o cálculo da instalación de solo radiante debese partir de unha temperatura máxima da superficie de solo según o tipo de instalación.

A temperatura media da superficie de solo según sexa para calefacción ou refrixeración calculase por medio da seguinte expresión

Calefacción:

$$q = 8.92 (\theta_{F,m} - \theta_i)^{1.1} (W / m^2)$$

Refrixeración:

$$q = 7 (|\theta_{s,m} - \theta_i|) (W / m^2)$$

A temperatura máxima na superficie limita que o solo radiante poida cubrir o total das cargas térmicas.

A instalación dispoñe de colectores de impulsión e de retorno que comunican o equipo produtor cos circuitos de solo radiante.

Os colectores deben disporse en lugar centrado respecto aos recintos aos que da servizo, normalmente en pasillos e distribuidores.

A lonxitude da tubería para cada circuito calculase mediante a seguinte expresión:

$$L = \frac{A}{e} + 2 \cdot l$$

Onde:

A= área a climatizar cuberta por cricuito (m²)

E= separación entre tuberías (cm)

L= distancia entre o colector e a área a climatizar (m)

Para calcular a temperatura de impulsión de cada un dos circuitos considerase a densidade de fluxo térmico de cada un de eles, a excepción dos cuartos de baño.

Unha vez obtida a densidade máxima de fluxo térmico e considerando un salto térmico de 5 grados, calculase a temperatura de impulsión:

$$q = K_H \cdot \Delta\theta_H$$

Onde:

Q= densidade de fluxo térmico

D_{qH}= desviación media da temperatura aire-auga, que depende da temperatura de impulsión, da temperatura de retorno e do recinto.

K_H= constante que depende do solo, a lousa de cimentación e a tubería.

No anexo da norma UNE-EN 1264 describese detalladamente a formulación utilizada en este cálculo.

Para o resto dos recintos debese utilizar a mesma formulación, sendo a temperatura de retorno de cada un dos circuitos o valor calculado.

O resumo dos cálculos mostrase nunha taboa nos planos anexados a esta memoria.

Para calcular o caudal de cada circuito utilízase a seguinte función:

$$m_H = \frac{A_F \cdot q}{\sigma \cdot c_w} \left(1 + \frac{R_o}{R_u} + \frac{\theta_i - \theta_u}{q \cdot R_u} \right)$$

Onde:

A_F= superficie cuberta polo circuito de solo raidante.

Q= densidade de fluxo térmico

D= salto de temperatura

C_w= calor específico da auga

R_o= Resistencia térmica parcial ascendente do solo

R_u= Resistencia térmica parcial descendente do solo

Q_u= temperatura do recinto interior

Q_i= temperatura do recinto

$$R_0 = \frac{1}{\alpha} + R_{\lambda,B} + \frac{s_u}{\lambda_u}$$

